



# HONORARIOS

## CRITERIOS ORIENTADORES E CUSTOS DE REFERENCIA DAS ACTUACIÓNS PROFESIONAIS DO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO

Ante a problemática xurdida en materia de Baremo de honorarios como consecuencia do proceso de reforma na devandita normativa, que se iniciou dende a Comisión Europea e pola Dirección Xeral de Defensa da Competencia do Ministerio de Economía e Facenda Español, e o Acordo do Consello da Avogacía Galega de data 29 de decembro de 2007, polo que se deixaba sen efecto o acordo de data 27 de setembro de 2001 no que se aprobaron os Baremos de Honorarios dos Ilustres Colexios de Avogados de Galicia, e vistos os últimos escritos do Consello Xeral da Avogacía Española e a Dirección Xeneral de Defensa da Competencia, **a Xunta Xeral deste Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2007, tomou o acordo de aprobar os novos Criterios Orientadores e Custos de Referencia das actuacións profesionais deste Ilustre Colexio de Avogados de Santiago.**

- FINALIDADE ORIENTADORA E DE REFERENCIA. Os presentes Criterios - como a súa denominación indica- responden a unha finalidade orientadora e de referencia, co obxecto de establecer unhas pautas que sirvan de fundamento para fixar os honorarios profesionais dos Avogados.

O Letrado, ponderando as circunstancias concorrentes en cada caso, é libre para pactar co seu cliente a contía dos seus honorarios, sen máis limitacións que as que resulten das regras establecidas no Código deontolóxico e a normativa vixente en materia de libre competencia.

A aplicación dos presentes Criterios, respetando a normativa vixente en materia de libre competencia, servirá especialmente de guía sempre que se solicite o parecer deste Colexio de Avogados, nos seguintes supostos:

- a) Cando non exista pacto ou presuposto escrito respecto á cuantificación dos honorarios e estes sexan obxecto de discusión entre Avogados ou entre Avogado e Cliente.

- b) Cando a minuta pretendida polo Avogado sexa obxecto de impugnación ante calquera órgano xudicial, xa sexa nun procedemento específico de reclamación ou repercusión de honorarios (xura de contas ou taxación de costas), xa sexa en calquera outro procedemento.
- c) Cando, de acordo coa normativa vixente en materia de Asistencia Xurídica Gratuíta, o Letrado teña dereito ao reintegro económico dos seus honorarios.
- **ÁMBITO DE APLICACIÓN.** Os presentes Criterios serán de aplicación en todas aquelas actuacións profesionais que os Avogados adscritos ou non ao Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela desempeñen no ámbito territorial que corresponda a este Ilustre Colexio de Avogados.
  - **CARÁCTER ORIENTADOR.** Estes Criterios terán carácter simplemente orientador. En ningún caso as cantidades fixadas como orientadoras poderán ser consideradas como mínimas.
  - **LIBERDADE DE FIXACIÓN DE HONORARIOS.** O avogado ten dereito a convir libremente a contía dos seus honorarios con quen solicite os seus servizos, sen máis limitacións cás indicadas polas leis de defensa da competencia e de competencia desleal, e polas normas do Código deontolóxico. En tales supostos, o presente baremo terá, simplemente, carácter interpretativo da vontade contractual das partes.
  - **INCREMENTO DO IPC.** As contías orientadoras contidas nos presentes Criterios incrementaranse nun 17,5%, que é a suba do IPC dende xaneiro de 2002 ata decembro de 2006. A partir do 2007 actualizaranse anualmente coa subida do IPC correspondente.
  - **ENTRADA EN VIGOR.** A entrada en vigor dos devanditos Criterios retrotraerase ao 1 de febreiro de 2002 e aplicarase a todos aqueles procedementos ou actuacións iniciados con posterioridade á dita data.

Así mesmo, acórdase remitir unha copia deste acordo ao Consello Xeral da Avogacía Española e ás Asociacións de Consumidores e Usuarios, así como a publicación dos Criterios Orientadores na páxina web do Colexio (zona de acceso libre) para o seu coñecemento xeral a todos os usuarios e consumidores.

Polo momento non se editarán en papel estes Criterios Orientadores xa que a Comisión de Honorarios deste Colexio segue a traballar na súa actualización, modificación e reestruturación, traballos que finalizarán nun prazo aproximado de tres meses, e que despois da súa aprobación definitiva serán editados e distribuídos entre todos os colexiados.

# TÍTULO PRELIMINAR

## REGRAS XERAIS

### CAPÍTULO I

Este baremo de honorarios será aplicado polo Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela nos informes dos incidentes de impugnación de honorarios por excesivos, tanto nas condenas ás custas coma nas reclamacións de honorarios do artigo 35 LAC, así coma en calquera outro ditame ou opinión corporativa sobre honorarios a falta de pacto ou de acordo escrito entre partes.

Entrará en vigor o día 1 de febreiro de 2.002.

### CAPÍTULO II PRINCIPIOS BÁSICOS

#### A) **Ámbito de aplicación.**

O presente baremo será de aplicación:

- a) Para todas as actuacións profesionais que os avogados adscritos, ou non, o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, desempeñen no ámbito territorial deste Colexio.

**B) Aplicación supletoria.** O presente baremo será de aplicación en defecto de previsión ou pacto entre avogado e cliente.

#### C) **Carácter orientador.**

O baremo ten carácter simplemente orientador.

#### D) **Liberdade de fixación.**

O avogado ten dereito a convir libremente a contía dos seus honorarios con quen solicite os seus servizos, sen máis limitacións cás indicadas polas leis de defensa da competencia e de competencia desleal, e polas normas do Código deontolóxico. En tales supostos, o presente baremo terá, simplemente, carácter interpretativo da vontade contractual das partes.

#### E) **Criterios de fixación de honorarios.**

1º) Criterios xerais. Os honorarios que correspondan ao letrado nos asuntos que lle sexan encomendados polo seu cliente, basearanse no traballo profesional realizado e estableceranse en relación con criterios tales como: o interese económico da cuestión formulada, a utilidade que a intervención do avogado teña para o cliente, a complexidade das cuestións debatidas ou sometidas á súa consideración, a dedicación e o tempo empregado, así como o grao de especialización requirido ou determinante na elección do letrado, a evitación de posteriores actuacións xudiciais ou administrativas, etc.

2º) Conceptos minutables. Para a fixación dos honorarios terase en conta a tramitación normal e completa do asunto, e entenderanse nela comprendidas as consultas, o estudo dos antecedentes de feito e de dereito, a confección e redacción dos escritos na medida que sexan indispensables ou necesarios co fin principal destas. Serán obxecto de minutación separada os honorarios por saídas, conferencias, incidentes e recursos, así como as actuacións e xestións extraprocesuais e as levadas a termo polo letrado cando represente ou substitúa ao cliente.

3º) Incidentes. Como regra xeral, e salvante que neste baremo se dispoña outra cousa ou se prevea unha concreta minutación (v. gr. cuestións incidentais do título X do libro II, incidentes do recurso contencioso administrativo, etc.), cando na tramitación dun procedemento teña lugar a práctica de calquera dilixencia ou cuestión incidental allea á súa normal tramitación, os honorarios correspondentes minutaranse aplicando orientadoramente un 10% sobre o que lle corresponda á totalidade do proceso.

4º) Recibimento a proba en vía de recurso. A regra anterior seralles de aplicación aos supostos de recibimento a proba en vía de recurso, sexa cal sexa a xurisdición de que se trate, e aplicarase ao incremento

ao que corresponda pola tramitación do recurso unicamente.

5º) Fixación en función do tempo investido polo letrado. Naqueles casos en que os honorarios se establezan utilizando como criterio, único ou principal, o tempo empregado polo avogado, deberáselle informar previamente ao cliente do prezo que este teña establecido por fracción cronolóxica, así como o tempo previsto inicialmente para realizar o traballo encomendado.

### **CAPÍTULO III** **PERCEPCIÓN DE HONORARIOS**

#### **A) Retribución periódica.**

Os honorarios profesionais poderán asumir a forma de retribución periódica, pero en tal suposto deberá especificarse no contrato a natureza dos servizos que se van prestar a cambio dela, distinguindo o simple asesoramento da defensa ou a asistencia en xuízo.

A falta de pacto en contrario, entenderase que a retribución periódica comprende exclusivamente o asesoramento e os servizos profesionais extraxudiciais, tendo dereito o letrado a minutar á parte as actuacións xudiciais.

#### **B) Provisións e pagamentos a conta.**

O avogado poderá solicitar os seus honorarios na forma que teña por conveniente, ben recibindo provisión de fondos na contía que estime, ou realizando liquidacións parciais sobre os traballos xa realizados ou xirando unha única minuta.

### **CAPÍTULO IV** **DISTRIBUCIÓN DE HONORARIOS**

**A) Criterios xerais.** En defecto de especial determinación ou pacto, entenderanse distribuídos os honorarios como segue:

#### XURISDICIÓN CIVIL

##### **Xuízo ordinario:**

Fase de alegacións e comparecencia	40%
Audiencia previa	20%
Xuízo	40%

##### **Xuízo verbal:**

<b>Demandante:</b>	
Fase de alegacións	50%
Vista	50%

**Demandado:**

Devengará o 100% coa celebración da vista

#### XURISDICIÓN PENAL

##### **Procedementos por delito:**

Fase de instrucción	50%
Fase de xuízo oral	50%

##### **Xuízo de faltas:**

Actuacións previas ao acto do xuízo	30%
Acto do xuízo	70%

#### XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

##### **Procedemento ordinario:**

Fase de alegacións	60%
Fase de proba e conclusións ou vista	40%

**Procedemento abreviado:**

Demanda e actuacións previas ao acto do xuízo	40%
Acto do xuízo	60%

**XURISDICIÓN LABORAL**

Demanda e actuacións previas ao acto do xuízo	40%
Acto do xuízo	60%

**RECURSOS**

**Se non hai vista:**

Pola preparación	20%
Pola interposición ou formalización	80%

En todo caso, o letrado da parte recorrida terá dereito ao 100% dos honorarios correspondentes, ao redactar o escrito de oposición.

**Se hai vista:**

Pola interposición e demais actos previos á vista	40%
Por intervención na vista	60%

Para a distribución de honorarios en calquera outro procedemento non recollidos nesta regra, aplicarase a prevista para o xuízo verbal da xurisdición civil.

**B) Momento do devengo.** Iniciado un período, devengarase a totalidade dos seus honorarios correspondentes aínda que, por calquera causa, non se finalice.

**C) Casos de conformidade.** Se o demandado se conformase ao contestar a demanda, o letrado da parte autora percibirá o 75% do total que corresponda pola tramitación completa do asunto.

O letrado do demandado, polo estudo previo e a súa intervención na contestación-conformidade, percibirá o 25% deste total.

**D) Casos de desistencia.** Para o caso de desistencia, os honorarios serán do 60% da tramitación completa.

**CAPÍTULO V  
APODERAMENTO**

Cando non exista apoderamento en favor de procurador e comparecese persoalmente o interesado, os honorarios poderanse incrementar nun 20%, non repercutible sobre o contrario condenado ás custas.

Igual incremento poderá efectuar o avogado que actúe con apoderamento do cliente

**CAPÍTULO VI  
CESAMENTOS E SUBSTITUCIÓN**

**A) Cesamento voluntario.** Cando un letrado cese voluntariamente na dirección ou defensa dun asunto percibirá o que corresponda ao traballo efectivamente realizado, de acordo coas regras de distribución de honorarios previstas neste baremo.

**B) Cesamento a requirimento do cliente.** Cando o cesamento se produza a petición do cliente, o letrado substituído percibirá os honorarios devengados ata o momento do seu cesamento, cun incremento do 10%.

**C) Honorarios do letrado substituto.** O letrado substituto percibirá o que corresponda ao traballo que efectivamente realice, de acordo coas regras de distribución de honorarios previstas neste baremo, cun incremento do 30% respecto delas. Nas causas penais, esta regra só terá lugar se a substitución se produce despois das conclusións provisionais, escrito de acusación ou defensa.

## CAPÍTULO VII CONTÍA

Para os efectos do cálculo de honorarios, cando se determinen por aplicación de escalas ás contías dos asuntos, seguiranse as seguintes regras:

**A) Cálculo da contía.** Salvo especial determinación no presente baremo, considerarase como contía do asunto o valor real dos bens, dereitos ou intereses obxecto de litixio, aínda que este fose distinto da contía fixada na demanda e aceptada, ou a cantidade que, en definitiva, prevalecese como contía do preito.

**B) Acumulación de accións.** Nos casos de acumulación de accións, partindo do valor real indicado no apartado anterior, seguiranse as regras do artigo 252 da LAC.

En caso de acumulación simplemente subxectiva, non terá lugar aumento da contía .

**C) Acumulación de autos.** Na acumulación de autos a determinación farase polas sumas das contías de todos eles a partir da acumulación. Ata ese momento, os honorarios calcularanse tomando como base a contía que teña cada procedemento na porcentaxe que corresponda aos períodos iniciados antes da acumulación, segundo a regra de distribución de honorarios.

**E) Ampliación de demanda e reconvencción.** A simple ampliación do ámbito subxectivo da demanda con idénticas pretensións non dará lugar ao incremento das contías antes indicado.

Nos casos de ampliación obxectiva da demanda, fixaranse os honorarios en relación coa contía total que resulte.

Igualmente se operará se houberse reconvencción.

**F) Colitigantes.** Cando varias persoas litiguen conxuntamente baixo una única dirección letrada, só se devengará unha minuta.

Se a actuación profesional se realiza en beneficio dunha pluralidade de clientes con pretensións, títulos ou causas de pedir que non sexan idénticos, poderanse incrementar os honorarios nun 10% por cada un, sen que tal aumento deba pasar do 50%, dividíndose a cantidade resultante entre todos eles. No suposto do art.15 LAC incrementarase nun 50%.

**G) En particular: execución forzosa.** Nos procedementos de execución forzosa a base para efectos do cálculo de honorarios virá constituída polas cantidades polas que se despacha execución.

**H) En particular: tercerías de dominio.** Nas tercerías de dominio a base estará constituída polo valor do ben embargado e nas de mellor dereito polo valor do menor dos dereitos cuestionados. En calquera dos casos, a contía non poderá exceder da que corresponda ao importe garantido polo embargo.

**I) En particular: recursos.** Nos recursos, tomarase como base a que tivese o asunto na primeira instancia, salvo que se limite a impugnar uns aspectos concretos da resolución, caso en que a contía se reduciría ao importe parcial destes. En caso de que o recurso se basee en simple diferenza económica entre a pretensión solicitada e a recoñecida en sentenza ou resolución, tomarase como contía do recurso importe de tales diferenzas.

**L) En particular: actuacións ante tribunales situados fóra do territorio nacional.** Poderanse incrementar os honorarios que resulten do presente baremo nun 100%. En todo caso, computaranse de forma independente as saídas, expesas (tamén chamadas axudas de custo), desprazamentos, e calquera outro concepto minutable.

## CAPÍTULO VIII CONDENA ÁS CUSTAS

**A) Cantidade esixible.** 1. A cantidade que debe satisfacer a parte condenada ás custas a aquela que vencese no preito, será a resultante da aplicación ordinaria do presente baremo, aínda que sen computar saídas, nin circunstancias modificadores das que poidan terse en consideración ao minutar ao propio cliente, nin a porcentaxe correspondente cando o letrado asume a representación.

En tales supostos considerarase como contía do asunto, salvante especial ou concreta especificación deste baremo, a seguinte:

- a) Se fose determinada, a que a cuestión tivese en autos.
  - b) Nos casos en que a contía figurase no procedemento como indeterminada, considerarase como tal a de 18.000 €
2. Os apartados A e B do capítulo VII non lle serán aplicables á parte condenada ás custas.

**B) Exención en supostos de habilitación especial.** O letrado que actuase en virtude da habilitación a que se refire o artigo 17.5 do vixente Estatuto xeral da avogacía, non devengará custas.

## **CAPÍTULO IX**

### **INTERPRETACIÓN DO PRESENTE BAREMO**

**A) Competencia.** A xunta de goberno do ilustre colexio de avogados de Santiago serán competentes para resolver cantas dúbidas ou dificultades xurdan na interpretación do presente baremo. Poderán aumentar ou moderar os honorarios sometidos á súa consideración ou estudo na cantidade que estimen xusta e prudente.

**B) Criterios de interpretación.**

a) Aplicación analóxica do presente baremo. Tanto os letrados ao redactar as minutas, coma as xuntas de goberno, ao realizar os oportunos informes, aplicarán por analoxía o previsto neste baremo aos supostos non considerados expresamente nelas.

b) Aplicación do código deontolóxico. As disposicións contidas no presente baremo de honorarios haberán de se interpretar consonte coas normas rectoras da actividade profesional dos avogados e, singularmente, co Código deontolóxico aprobado en sesión do Pleno do Consello da Avogacía Española do 30 de xuño do 2000.

c) Salvo que se trate de supostos concretos ou específicos, os títulos dos artigos teñen carácter simplemente orientador sobre o seu contido, co fin de facilitar o seu manexo.

## **CAPÍTULO X**

### **FINAL**

O presente baremo de honorarios, foi aprobado polo Xunta Xeral en sesión extraordinaria de data 29-01-07. As escalas ás que se refire o articulado deste baremo, figuran como anexo ao final do libro, e as súas porcentaxes aplicaranse por tramos e excesos.

O presente baremo aplicarase a todas as actuacións iniciadas a partir do día 1 de febreiro do 2.002.

# LIBRO I

## ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS EXTRAPROCESUAIS

### CAPÍTULO I

#### CONSULTAS E DITAMES

- 1. Consulta breve.** Consulta breve e que poida ser resolta no momento (persoal ou telefónica), e sempre que non exceda na súa duración de media hora 50 €
- 2. Consultas sobre cuestións complexas.** Calquera outra consulta ou ditame verbal, que exceda de media hora e que esixa exame de documentos ou estudo de situacións xurídicas complexas 75 €
- 3. Informes escritos.** Informe breve por escrito 120 €
- 4. Ditames.** Ditame por escrito, con exposición de antecedentes e consideracións xurídicas, graduaranse os honorarios atendendo ás dificultades e transcendencia do asunto 150 €

### CAPÍTULO II

#### XESTIÓNS, ASISTENCIA A XUNTAS E REUNIÓNS

- 5. Xestións sinxelas.** Xestións de simples trámites ante xulgados, oficinas públicas e particulares, salvante que se trate de trámites incardinables nun proceso 60 €
- 6. Asistencias ante órganos non oficiais ou entidades de base colectiva.** Pola asistencia a xuntas de acredores, xuntas xerais de sociedades, mutualidades, cooperativas, comunidades, asembleas ou calquera outra, establécense os seguintes criterios orientadores:
- a) A requirimento dalgún interesado 120 €
  - b) A requirimento da entidade ou colectivo 150 €
  - c) Por cada hora ou fracción que exceda das dúas primeiras devengarase 35 € máis
- 7. Reunións e entrevistas.**
- a) Reunións con outro ou outros letrados 90 €
  - b) Entrevistas con particulares distintos do cliente 60 €
  - c) Entrevistas e coordinación con técnicos doutras disciplinas para o mellor levar do asunto encomendado 75 €
  - d) Entrevistas e audiencias con autoridades 150 €

### CAPÍTULO III

#### SAÍDAS

- 8. Saídas do bufete.** Á parte dos honorarios correspondentes ao traballo profesional que as motive, tomaranse como criterios orientadores os que a continuación se indican:
- a) Por media xornada fóra da localidade 90 €
  - b) Por cada día fóra da localidade, sen necesidade de facer noite 150 €
  - c) Por cada día ou fracción, e facendo noite fóra da localidade 210 €
  - d) Serán tamén por conta do cliente os gastos de locomoción, aloxamento (categoría mínima, hotel de catro estrelas) e manutención.
  - e) O desprazamento en vehículo propio cobrarase a razón de 0,25 €/Km., sen incluír no seu caso as posibles peaxes, que serán por conta do cliente.

**9. Regra xeral.** As saídas para sinalamentos e actuacións xudiciais só poderán minutarse cando a acción do avogado sexa fóra dos locais do xulgado ou tribunal ou en localidade distinta do domicilio do avogado, e nestes casos minutaranse ao 50% das cantidades que se establecen nos apartados a), b) e c).

## CAPÍTULO IV

### REDACCIÓN DE CONTRATOS E DOCUMENTOS

- 10. Contratos sinxelos.** Redacción de contratos con cláusulas sinxelas, das que resultan máis habituais e que non revistan complexidade 120 €
- 11. Contratos complexos.** Cando a redacción de contratos ou documentos requiran do letrado especial información, estudo, dedicación de tempo ou cando conteñan cláusulas complexas, regularanse discrecionalmente os honorarios 300 €
- 12. Contratos tipo e condicionados xerais.** Pola redacción de contratos tipo, susceptibles de ser utilizados no tráfico habitual dunha empresa, e pola redacción de clausulados xerais, aplicaranse as regras xerais do título preliminar 500 €
- 13. Minutas para documentos notariais e semellantes.** Redacción de minutas para o outorgamento de documentos notariais que supoñan actos de apoderamento especial, requirimentos, notificacións ou actas e outras 120 €
- 14. Estatutos.** Redacción ou modificación esencial de estatutos de comunidades, asociacións e persoas xurídicas que non sexan sociedades mercantís e, no seu caso, a súa constitución e extinción 300 €
- 15. Excepcións.** Os artigos anteriores non serán de aplicación a testamentos, herdanzas ou divisións extraxudiciais de cousa común, que se rexerán polas súas regras específicas.

## CAPÍTULO V

### SOCIEDADES

- 16. Actos societarios.** A constitución de sociedades e a súa modificación, así como a súa transformación, fusión e escisión, minutaranse prudencialmente, tendo en conta o capital social, a importancia e transcendencia do obxecto social, o ámbito de actuación da sociedade, número de socios, etc. 450 €
- 17. Disolución e liquidación de sociedades.** Aplicaranse as regras xerais do título preliminar. Se houberse que realizar a partición do activo entre os socios, aplicaranse as regras das particións hereditarias 300 €
- 18. Redacción de memorias de sociedades, informes de xestión, actas de xuntas e traballos análogos.** Graduaranse os honorarios segundo a súa complexidade e extensión 180 €

## CAPÍTULO VI

### TRANSACCIÓNS E SOLUCIÓNS EXTRAXUDICIAIS OU XUDICIAIS

**19. Solución ou transacción extraxudicial.** Se un asunto se soluciona ou transixe sen ter comezado a contenda xudicial, os honorarios de cada letrado que interveña minutaranse, alternativamente:

a) Por todos os traballos efectuados e en atención á súa complexidade, á súa transcendencia e á súa entidade, servindo de orientación o 50% dos que corresponderían ao litixio evitado, tomando como base o interese económico polo que se transixiu, ou

b) Polos traballos realizados minutados por separado.

Esta norma tamén se terá en conta, entre outros supostos, nas transaccións acadadas antes da celebración dos xuízos de faltas.

**20. Solución ou transacción unha vez iniciado o procedemento.** Se a solución ou transacción fora acadada logo de iniciado o procedemento xudicial, tomando como base o interese económico polo que se transixiu, orientadoramente o 75% dos que lle correspondan á totalidade do procedemento.

**CAPÍTULO VII**  
**HERDANZAS, RELACIONES DE BENS E DIVISIÓN DE COUSA COMÚN**

- 21. Redacción de minutas para outorgamento de testamento.** Graduaranse discrecionalmente segundo a súa clase e complexidade, a existencia de mandas e legados, así como a pluralidade de beneficiarios 120 €
- 22. Pola preparación de declaración de herdeiros por acta notarial de notoriedade.** Incluída a asistencia ao acto 180 €
- 23. Redacción de minuta para outorgamento de escritura sobre pactos sucesorios, a súa modificación ou revogación.** Regularanse segundo a súa complexidade 180 €
- 24. Particións.** Pola formulación de caderno particionado, ou redacción da minuta de escritura de partición cando esta substitúa ao caderno:
- a) Se intervén un só letrado representando o valor total dos bens inventariados, orientadoramente, o 15% da escala tipo sobre aquel valor 480 €
  - b) Se interveñen varios letrados, cada un deles graduará os seus honorarios cos criterios do apartado anterior, tomando como base a suma de haberes dos seus respectivos clientes 360 €
  - c) Se as operacións tivesen de practicarse con suxeición en todo ou en parte a lexislacións estranxeiras ou forais, excepto a galega, poderán incrementarse os honorarios resultantes, en volta dun 25%.
  - d) Cando previamente haxa de liquidarse a sociedade de gananciais poderá incrementarse a minuta, orientadoramente nun 15%.
- 25. Liquidación da sociedade de gananciais.** Na liquidación da sociedade de gananciais aplicaranse as regras da norma 23.  
Cando a vivenda conxugal habitual e o seu enxoval fose o único ben inventariado ou representase máis do 70% do patrimonio, a minuta resultante de utilizar los criterios da citada norma, reducirase nun 50%.
- 26. División extraxudicial da cousa común.** Na división de cousa común por acordo extraxudicial terase en conta a norma 23, tomando como base o importe do valor real da cota ou cotas do cliente ou clientes.
- 27. División da cousa común en execución de sentenza.** Cando a división da cousa común se tramite en execución de sentenza ditada en proceso de separación, divorcio ou nulidade matrimonial, aplicarase o disposto na norma 24.

**CAPÍTULO VIII**  
**ARBITRAXES**

- 28. Formulación xudicial do compromiso.** Pola intervención no procedemento para a formalización xudicial do compromiso de arbitraje, orientadoramente, o 25% da escala tipo sobre a contía do asunto 240 €
- 29. Intervención en arbitaxes .** Nas arbitaxes de dereito e de equidade, tendo en conta a contía e o interese económico do asunto:
- a) Os defensores das partes o 50% da escala 300 €
  - b) Intervención como árbitro único, 80% da escala 450 €
  - c) Se son varios árbitros, o 50% da escala cada un 300 €

## LIBRO II XURISDICIÓN CIVIL

### TÍTULO I ACTUACIÓNS PREVIAS Á VÍA XUDICIAL

#### CAPÍTULO I ACTOS DE CONCILIACIÓN

##### 30. Intervención en actos de conciliación.

- a) Redacción de demanda
- b) Ademais, pola asistencia ao acto de conciliación:
  - 1. sen avinza 60 €
  - 2. con avinza: aplicaranse as regras previstas para as transaccións

#### CAPÍTULO II DILIXENCIAS PRELIMINARES

##### 31. Dilixencias preliminares. Pola intervención en dilixencias preliminares dos artigos 256 e ss. LAC

- a) Sen oposición 150 €
- b) Con oposición 300 €

#### CAPÍTULO III DECLINATORIA

##### 32. Declinatoria. Pola intervención na declinatoria á que se refiren os artigos 63 e seguintes da LAC, tanto o letrado que a propoña coma o da parte que se opoña fixarán os seus honorarios prudencialmente, e indicaranse como criterio orientador o 25% da escala 240 €

### TÍTULO II MEDIDAS CAUTELARES

- ##### 33. Procedemento para a adopción de medidas cautelares. Pola intervención na substanciación de tal procedemento, minutarase:
- a) Con oposición, fixaranse os honorarios en atención ao interese económico das medidas solicitadas. Orientadoramente o 20% da escala tomando como base ese interese ou a caución acordada 240 €
  - b) Sen oposición, partindo da mesma base, o 10% da escala 120 €

### TÍTULO III XUÍZO ORDINARIO

**CAPÍTULO I**  
**XUÍZO ORDINARIO POR RAZÓN DA CONTÍA**

**34. Accións de contido pecuniario.** Por toda a tramitación, incidentes e recursos, ou que resulte de lle aplicar a escala tipo á contía do asunto 510 €

**CAPÍTULO II**  
**XUÍZOS ORDINARIOS POR RAZÓN DA MATERIA**

Sección primeira

Actuacións relativas a dereitos honoríficos e fundamentais

**35. Dereitos honoríficos e fundamentais.** nos xuízos relativos a dereitos honoríficos da persoa, tutela do dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe, e aqueles nos que se solicite a tutela civil de calquera outro dereito fundamental (apdo. 1 e 2 artigo 249 LAC) 960 €

Sección segunda

Xuízos en relación con sociedades e impugnación de acordos sociais

**36. Xuízos sobre disolución e nulidade de sociedades.** Devengarase o 40% da escala tipo aplicada sobre a contía do procedemento, se esta é determinada 960 €

**37. Impugnación de acordos.** Nos xuízos sobre impugnación de acordos da Xunta Xeneral, do Consello de Administración ou de calquera outro órgano colexiado de administración, ou da Asemblea de obrigacionistas das sociedades, así como nos referentes a balances, e sobre redución do capital, fusión ou escisión da sociedade, devengarase o 100% da escala tipo, sobre a contía do procedemento, se esta é determinada 960 €

Sección terceira

Competencia desleal, propiedade industrial e intelectual, e publicidade

**38. Supostos.**

a) Xuízos sobre nulidade de rexistros ou títulos; xuízos de preferencia ou tento e retracto de rexistros, sobre titularidade ou sobre as súas licenzas e a súa explotación; xuízos en que se exercite acción sobre declaración de actuación que non constitúe violación dun rexistro; xuízos sobre alcance da rehabilitación dun rexistro; xuízos sobre indemnización de danos e perdas: escala tipo, 960 €

b) Xuízos sobre adopción de medidas para salvagardar os dereitos do titular do rexistro ou sobre competencia desleal, incluída a indemnización de danos e perdas, así como en calquera outro xuízo ou actuación relativa a estes rexistros: escala tipo 960 €

c) En xuízos sobre denegación ou suspensión realíza polo registrador respecto de inscrición de actos e contratos: escala tipo 960 €

d) Xuízos sobre o cesamento de actividade ilícita, incluída a indemnización de danos e perdas e outras medidas: escala tipo 960 €

e) Xuízos sobre contratos de edición, de representación teatral e execución musical, sobre transmisión e titularidade de dereitos de autor, participación do autor no prezo dunha obra plástica subastada e outras cuestións propias da lei, non especificadas anteriormente: escala, 960 €

Sección cuarta

Condicións xerais da contratación

**39. Criterio xeral.** Xuízos en que se exerciten as accións de cesación, retractación e declarativa: aplicarase a escala tipo 960 €

Sección quinta  
Xuízos de arrendamento seguidos polo procedemento ordinario

Subsección primeira: Criterios xerais

**40. Contía .** Con carácter xeral, nos supostos desta Sección entenderase sempre que a contía será a da renda anual, coas correccións que en cada caso se establezan, incluídos os supostos de reclamación da posesión do ben arrendado

Por renda anual entenderase que é a vixente no momento de interpoñer a demanda, e que nela incluíranse as cantidades asimiladas, gastos, servizos e impostos, no caso de arrendamentos urbanos, e contribucións, seguridade social agraria, etc., nos arrendamentos rústicos, con pagamento por conta do arrendatario.

**41. Criterio en caso de imposición das custas.** En todo caso, cando nun proceso no que a contía veña determinada pola renda anual, con ou sen factor de corrección, se dite sentenza con imposición das custas, os honorarios do letrado da parte que obteña tal pronunciamento, con cargo á parte vencida nas custas, serán os fixados con carácter orientador cun incremento máximo do 25%.

**42. Acumulación de accións.** Caso de acumulación das accións de desafiuzamento por falta de pagamento e reclamación de rendas, do artigo 438. 3. 3ª segundo parágrafo, ambas accións minutaranse independentemente, cunha redución do 30%.

Subsección segunda: xuízos en arrendamentos da LAU

Xuízos sobre resolución de contratos de arrendamento:

**43. Regra xeral.** Aplicarase a escala tipo de acordo cos criterios de cálculo específicos contidos nos seguintes artigos 720 €

a) Contratos suxeitos a prórroga forzosa: aplicarase a escala tipo sobre a contía determinada polo importe de catro anualidades de renda, a excepción dos arrendamentos de vivenda de renda que non fose actualizada de acordo coas regras 1ª a 5ª do apartado 11, letra D, da disposición transitoria segunda da LAU de 1994, por impedilo a regra 7ª, caso en que o importe que se deberá tomar será o de doce anualidades de renda.

b) Contratos non suxeitos a prórroga forzosa: devengarase a escala tipo sobre o importe da renda anual.

Xuízos sobre revisión e actualización de rendas:

**44. Regra xeral.** Aplicarase a escala tipo, tomando como base a diferenza anual entre a renda vixente ao inicio do proceso e a que se solicite na demanda, aplicando os seguintes factores de ponderación:

a) Se o contrato ten unha duración específica, a diferenza entre a renda vixente ao inicio do proceso e a solicitada na demanda multiplicarase polo número de anos que falte para concluír o contrato, cun mínimo dunha anualidade e un máximo de dez 240 €

b) Se o contrato non ten unha duración específica, a diferenza entre a renda vixente ao inicio do proceso e a solicitada na demanda multiplicarase por dez 360 €

**45. Xuízos de preferencia ou tento, retracto e impugnación do prezo da transmisión en materia de arrendamentos urbanos.** Aplicarase a escala tipo sobre o prezo da transmisión anunciada ou consumada, ou prezo sinalado na sentenza se este non coincidise cos anteriores 960 €

**46. Xuízos sobre o dereito de retorno.** Aplicarase a escala tipo sobre o importe da renda anual pretendida polo arrendador 630 €

**47. Outros supostos.** Para todos os demais procesos que se haxan de seguir polos trámites do xuízo ordinario e concretamente os que versen sobre indemnizacións, autorización xudicial para

execución de obras ou execución delas, reparación, reposición ou nova instalación de elementos ou servizos, ou cuestións análogas, a base será a do seu valor monetario, excepto se a contía calculada a teor dos apartados *a* e *b* do artigo 43 fose superior, caso para o que se tomaría esta última.

Subsección terceira: xuízos en arrendamentos da LAR

**48. Xuízos sobre resolución ou extinción do contrato.** Nos xuízos sobre resolución ou extinción do contrato de arrendamento devengarase o 80% da escala tipo, tomando como base a renda anual multiplicada polo número de anos de antigüidade do contrato, cun mínimo de 2 e máximo de 5. 300 €

**49. Xuízos relativos á renda do contrato.** Nos xuízos sobre determinación, revisión, redución ou exoneración da renda: o 70% da escala tipo, sobre a renda anual multiplicada polo número de anos de antigüidade do contrato, cun mínimo de dous e un máximo de 5 180 €

**50. Xuízo de preferencia ou tento así como de retracto en materia de arrendamentos rústicos.** Escala tipo sobre o prezo da transmisión anunciada ou consumada, ou o sinalado na sentenza se este non coincidise cos anteriores 960 €

**51. Xuízos sobre adquisición forzosa da propiedade.** Nos xuízos sobre adquisición forzosa da propiedade aplicarase a escala tipo sobre a cantidade que como prezo da transmisión se fixe no procedemento xudicial 960 €

Subsección cuarta: xuízos en arrendamentos da lexislación común

**52. Xuízos de desafiuzamento baseados en causas distintas á falta de pagamento ou expiración do prazo contractual.** Aplicarase a escala tipo tomando como base o importe dunha anualidade de renda, de acordo co seguinte:

- a) o 75% da escala tipo se a finca é rústica 240 €
- b) o 100% da escala tipo se a finca é urbana 600 €

**53. Xuízos simplemente declarativos ou non resolutivos.** Aplicarase o 40% da escala tipo tomando como base sobre a renda anual 600 €

Subsección quinta: Parcería

**54. Xuízos sobre extinción ou resolución do contrato de parcería.** Aplicarase a escala tipo sobre o valor dos froitos ou rendementos que vén percibindo o cedente ou propietario 300 €

#### Sección sexta Retractos

**55. Xuízos de retracto.** Aplicarase o 100% da escala tipo, tomando como base o prezo da transmisión anunciada ou consumada, ou o sinalado na sentenza se este non coincidise cos anteriores 960 €

#### Sección sétima Xuízos sobre propiedade horizontal

**56. Procedemento de equidade.** No procedemento de equidade, regulado no artigo 17, regra 3ª da LPH, o 100% da escala tipo 600 €

**57. Xuízos sobre privación do uso da vivenda.** Nos xuízos en que se exercite a acción de cesación e privación do dereito de uso da vivenda ou local, prevista no artigo 7, devengarase o 100% da escala tipo. A base, nesta clase de procedemento, obterase:

- a) Se a acción se dirixe contra o codono ou ocupante no arrendatario, será o 25% do valor catastral do inmovible 600 €
- b) Se a acción se dirixe contra un arrendatario, aplicando o baremo na parte relativa aos arrendamentos urbanos 600 €

**58. Outros supostos.** Nos demais xuízos, incluído o procedemento do artigo 21 da LPH, minutaranse os honorarios de acordo coas regras indicadas para o procedemento polo que se tramiten.

## TÍTULO IV XUÍZO VERBAL

### CAPÍTULO I XUÍZO VERBAL POR RAZÓN DA CONTÍA

**59. Regra xeral.** Por toda a tramitación, con independencia de saídas, incidentes e recursos, o que lle resulte de aplicar a escala tipo á contía do asunto. 240 €

### CAPÍTULO II XUÍZOS VERBAIS POR RAZÓN DA MATERIA

#### Sección primeira Xuízos de arrendamento

Subsección primeira: Desafiuzamentos por falta de pagamento e extinción por expiración do prazo en arrendamentos da LAU, LAR e da lexislación común

**60. Regra xeral.** Con carácter xeral, a contía virá determinada polo importe dunha anualidade de renda. Non obstante, no suposto de que a sentenza estimara a demanda ou declarara enervada a acción de desafiuzamento e as cantidades adebedadas ou pagadas fosen distintas a unha anualidade, tomarase como base o importe das cantidades que se adebedaren no momento de presentar a demanda.

**61. Acumulación de accións.** De se acumularen as accións de desafiuzamento por falta de pagamento e reclamación de rendas (art. 438.3.3ª. LAC), minutaranse por separado cada una das accións de acordo coas disposicións que as regulan cunha redución, en cada caso, do 30%.

**62. Xuízos de desafiuzamento por falta de pagamento da renda ou cantidades asimiladas.** Minutarase conforme aos seguintes supostos:

- a) Sen oposición: aplicarase o 50% da escala tipo.:
- |                            |       |
|----------------------------|-------|
| Vivenda e finca rústica    | 150 € |
| Uso distinto do de vivenda | 240 € |
- b) Con oposición: o 75% da escala tipo:
- |                            |       |
|----------------------------|-------|
| Vivenda e finca rústica    | 240 € |
| Uso distinto do de vivenda | 360 € |

**63. Xuízos sobre extinción do contrato de arrendamento por vencemento do prazo estipulado ou previsto legalmente.** Aplicarase o 80% da escala tipo tomando como base o importe da renda anual 600 €

Subsección segunda  
Parcería

**64. Xuízos sobre extinción ou resolución do contrato de parcería.** Aplicarase a escala tipo sobre o valor dos froitos ou rendementos que vén percibindo o cedente ou propietario 300 €

Sección segunda  
Xuízos por precario

**65. Xuízos de desafuzamento por precario.** Aplicarase a escala tipo ao valor da finca ocupada no caso de predio rústico, e a súa cuarta parte cando se trate de fincas urbanas, sen que se poida atribuír aos inmobles un valor inferior ao que conste no catastro 600 €

Sección terceira  
Procesos sumarios

Subsección primeira  
Accións de natureza posesoria

**66. Accións de natureza posesoria.** Nas accións a que se refiren os apdos. 4, 5 e 6 do artigo 250 da LAC, aplicarase a escala tipo ao 100%, tomando como base os valores establecidos no artigo 65 750 €

Subsección segunda  
Venta a prazos de bens mobles e arrendamentos financeiros

**67. Procedementos sumarios do artigo 250, apdo. 10 e 11 LAC.** Nos procedementos a que se refire tal artigo, aplicarase a escala tipo ao 100% 360 €

Sección cuarta  
Alimentos

**68. Xuízos sobre alimentos.** Aplicarase a escala tipo ao 50%, tomando como base unha anualidade da cantidade outorgada en sentenza 360 €

Sección Quinta  
Procesos sobre o exercicio do dereito de rectificación

**69. Procesos relativos ao dereito de rectificación.** Nos procesos sobre exercicio do dereito de rectificación, minutarase seguindo as regras xerais do título preliminar. 360 €

**TÍTULO V**  
**RECURSOS**

**CAPÍTULO I**  
**REGRAS XERAIS**

**70. Substitución de letrado.** Se o letrado que intervéñ no recurso é distinto do que actuou na primeira instancia, procederase como se determina nas regras xerais, sobre cesamentos e substitucións. Enténdese que non hai cambio de avogado cando o novo letrado actúe por encargo ou substitución persoal do letrado nomeado polo cliente, cando a intervención deste sexa difícil ou imposible (caso de enfermidade ou outros supostos excepcionais ou similares).

**71. Condena ás custas.** Caso de condena da contraparte ás custas do recurso, só se poderán repercutir sobre ela os honorarios que resulten para o caso de que o letrado sexa o mesmo. O resto será soportado polo propio cliente.

**CAPÍTULO II**  
**RECURSOS DE REPOSICIÓN E QUEIXA**

**72. Reposición e queixa.** Os honorarios fixaranse discrecionalmente, sen que en ningún caso poidan exceder do 5% dos que se devenguen na totalidade do asunto principal en tal instancia. 120 €

### **CAPÍTULO III RECURSO DE APELACIÓN**

**73. Recursos de apelación contra sentenzas.** O letrado terá dereito a percibir unha cantidade non superior ao 60% dos da primeira instancia de se formalizaren por escrito, e do 75% de haber vista 240 €

**74. Recursos de apelación contra autos.** Non poderán superar o 40% dos de primeira instancia, e os que poñan termo ao xuízo facendo imposible a súa continuación, o 60% 150 €

### **CAPÍTULO IV RECURSO EXTRAORDINARIO POR INFRACCIÓN PROCESUAL**

**75. Recurso por infracción procesual.** No procedemento ante o TSXG, a que se refiren os artigos 468 e seguintes da LAC, aplicarase a escala tipo, tomando como contía e mínimos os do asunto principal 240 €

### **CAPÍTULO V RECURSO DE CASACIÓN**

**76. Preparación.** Por confección do escrito de preparación do recurso, procederase prudentemente segundo a importancia do asunto 300 €

**77. Interposición.**

a) O letrado da parte recorrente devengará o 100% da escala tipo sobre a contía que tivese o preito na instancia. 1.200 €

b) O letrado da parte recorrida devengará o 75% da escala tipo sobre a contía que tivese o preito na instancia. 1.200 €

Nos dous casos anteriores, os honorarios resultantes poderán incrementarse un 10% no caso de celebrarse vista.

### **CAPÍTULO VI RECURSO DE ANULACIÓN DE LAUDOS ARBITRAIS**

**78. Recursos de anulación contra laudos arbitrais.** Aplicarase a norma relativa aos recursos de apelación contra sentenzas.

### **CAPÍTULO VII PROCEDIMENTO PARA RESCISIÓN OU REVISIÓN DE SENTENZAS FIRMES**

**79. Procedemento de rescisión de sentenzas.** No procedemento para a rescisión de sentenzas firmes regulado nos artigos 501 e seguintes da LAC, aplicaranse as regras do xuízo ordinario, tomando como contía e mínimos os do asunto principal.

**80. Procedemento de revisión de sentenzas.** No procedemento para a revisión de sentenzas firmes regulados nos artigos e 509 e seguintes da LAC, aplicaranse as regras do xuízo verbal, tomando como contía e mínimos os do asunto principal.

## **TÍTULO VI PROCESOS DE EXECUCIÓN**

## **CAPÍTULO I** **EXECUCIÓN PROVISIONAL**

**81. Regra xeral.** Para o cálculo de honorarios relativos aos procedementos de execución provisional, aplicaranse as regras relativas á execución ordinaria.

**82. Revogación de sentenza no suposto de execución provisional previa.** Aplicaranse as mesmas regras da execución ordinaria, e aplicaranse, se é do caso, as de execución de sentenza con condena a facer, non facer ou entregar, e sen prexuízo do incidente de restitución de danos e perdas, froitos e rendas, que se minutará de maneira separada. 120 €

## **CAPÍTULO II** **EXECUCIÓN**

### Sección primeira Execución de resolucións xudiciais

**83. Regra xeral.** As demandas executivas que se funden en: sentenza de condena firme, laudos ou decisións arbitrais firmes ou en resolucións xudiciais que aproben ou homologuen transaccións e acordos logrados no proceso,

a) Sen oposición: o 10% de a escala tipo 150 €

b) Con oposición: o 40% da escala tipo 300 €

### Sección segunda Execución doutros títulos

**84. Regra xeral.** As demandas executivas que se funden en títulos distintos aos da norma anterior:

a) Sen oposición: o 75% da escala tipo 300 €

b) Con oposición: o 100 % da escala tipo 500 €

## **CAPÍTULO III** **EXECUCIÓN PECUNIARIA**

**85. Regra xeral.** Os honorarios correspondentes a este capítulo devengarase con independencia dos que procedan polas actuacións executivas ás que se refieren o capítulo I e II deste título

**86. Suposto primeiro.** Se o executado pagase no acto do requirimento ou antes do despacho da execución, despois de que o acredor a promovesse. Aplicarase a escala tipo ao 10% sobre a cantidade reclamada en concepto de principal e xuros devengados ata a data da presentación da demanda executiva 120 €

**87. Suposto segundo.** Se pagase despois de tal momento pero antes de se acordar a realización dos bens embargados, ou se embargasen retribucións periódicas ou cantidades líquidas: escala tipo ao 20% sobre a cantidade pola que se despachou execución 200 €

**88. Suposto terceiro.** De se chegar á realización dos bens embargados: escala tipo ao 50% sobre a cantidade pola que se despachou execución 300 €

## **CAPÍTULO IV** **EXECUCIÓN SOBRE BENS HIPOTECADOS OU PEÑORADOS**

**89. Regra xeral.** As demandas executivas que se funden en títulos de crédito garantidos con peñor ou hipoteca:

a) Sen oposición: o 75% da escala tipo. 300 €

b) Con oposición: o 100% da escala tipo 500 €

**90. Supostos.** Sen prexuízo das cantidades devengadas como consecuencia das actuacións ás que se refire a norma anterior:

- |   |       |
|---|-------|
| a) Se o executado pagase antes da solicitude de subhasta o 10% da escala tipo | 120 € |
| b) Entre ese momento e antes da celebración da subhasta o 20% da escala tipo  | 180 € |
| c) Despois de se celebrar a subhasta, o 50% da escala tipo                    | 300 € |

No suposto de que o debedor fixese uso da facultade que lle concede o artigo 693.3 LAC, tomarase como base para minutación a cantidade fixada para a liberación do ben

## **CAPÍTULO V** **EXECUCIÓN NON PECUNIARIA**

**91. Regra xeral.** Con carácter xeral a escala tipo aplicarase sobre a contía do litixio, salvo que por resolución xudicial se estableza outra distinta, que sería en tal caso a que serviría de base.

**92. Cumprimento dentro de prazo.** En calquera dos supostos de execucións non pecuniarias, se o executado cumpre o que estableza o título executivo dentro do prazo establecido por tribunal, ou antes do despacho da execución, despois de que o acreedor a promove: escala tipo ao 10%

120 €

**93. Suposto especial no caso de condena á entrega.** Nas condenas á entrega de cousas, se a mesma se efectúa despois do prazo establecido polo tribunal e antes de que este poña ao executante na súa posesión: escala tipo ao 25%

180 €

**94. Outros supostos especiais.** Na execución por obrigas de facer ou non facer e de publicación do artigo 701 da LAC, de se cumprir despois do prazo establecido polo tribunal, ou se satisfai ou afianza a cantidade en que se valora o custo de tal obriga: escala tipo ao 25%.

180 €

**95. Procedemento completo.** Se houberse que proseguir a execución ata a finalización do procedemento: escala tipo ao 50%

225 €

## **CAPÍTULO VI** **LIQUIDACIÓN DE DANOS E PERDAS, FROITOS E RENDAS E A RENDICIÓN DE CONTAS**

**96. Regra xeral.** Cando na execución forzosa deba determinarse o equivalente pecuniario dunha prestación non pecuniaria, sen prexuízo dos honorarios que xa se devengasen de acordo coas normas que procedan conforme ao capítulo anterior, ou cando haxa que fixar a cantidade debida en concepto de danos e perdas ou de froitos, rendas, utilidades ou produtos de calquera clase ou determinar o saldo resultante da rendición de contas dunha administración:

a) Caso de conformidade coa relación de danos e perdas e do seu importe, ou a liquidación de froitos e rendas, ou a rendición de contas, aplicarase a norma 85 e as demais que procedan da execución pecuniaria

b) Cando nestes supostos se produza a oposición do debedor, ou no seu caso do acreedor, para fixar os honorarios empregaranse os criterios correspondentes ao xuízo verbal

## **CAPÍTULO VII** **EXECUCIÓN DE TÍTULOS EXECUTIVOS ESTRANXEIROS**

Aplicaranse as mesmas regras anteriores, cun incremento dun 25%

## **TÍTULO VII** **PROCESOS SOBRE CAPACIDADE, FILIACIÓN, MATRIMONIO E MENORES**

## CAPÍTULO I

### PROCESOS SOBRE CAPACIDAD DAS PERSOAS

- 97. Procedemento da incapacitación ou reintegración da capacidade.** Por toda a tramitación, ata a sentenza 960 €
- 98. Internamento.** En caso de que, como consecuencia do proceso, se produza o internamento por razón de trastorno psíquico, os honorarios poderán incrementarse nun 25%.
- 99. Impugnación de resolucións administrativas sobre adopción.** A impugnación en vía civil ordinaria de resolucións administrativas ditadas ao respecto da idoneidade do adoptante, minutarase do seguinte modo:
- a) Sentenza estimatoria 900 €
  - b) Sentenza desestimatoria 600 €

## CAPÍTULO II

### PROCESOS SOBRE FILIACIÓN, PATERNIDADE E MATERNIDADE

- 100. Xuízos sobre determinación ou impugnación da paternidade.** Pola intervención en procesos sobre determinación ou impugnación da paternidade, o letrado poderá minutar segundo o seguinte:
- a) Sentenza estimatoria 1.200 €
  - b) Sentenza desestimatoria 750 €
- 101. Solicitude complementaria de prestación alimentaria.** En caso de que se pidan, ademais, prestacións de alimentos, minutarase de acordo co previsto para o xuízo correspondente, cunha redución do 25%

## CAPÍTULO III

### PROCESOS MATRIMONIAIS E DE MENORES

#### Sección primeira Regras xerais

- 102. Regra primeira.** Os criterios establecidos neste capítulo serán de aplicación tanto para o letrado do cónxuxe demandante coma, no seu caso, para o do demandado, e en tales honorarios enténdense incluídos os supostos en que a cantidade establecida en concepto de pensión compensatoria e alimentos non exceda de 300 € mensuais.
- 103. Regra segunda.** Non obstante, cando se trate de procedementos contenciosos (sen prexuízo de que no curso do proceso se obteña o consentimento do outro cónxuxe), polo exceso de tal cantidade ata 600 € o letrado do cónxuxe demandante devengará 150 € máis. E en caso de que a dita cantidade exceda de 600 € aplicarase a escala tipo ao 50% sobre o importe do exceso de cinco anualidades, sen que os honorarios así resultantes poidan incrementarse cos establecidos para o suposto anterior.
- 104. Regra terceira.** Así mesmo, nos ditos procedementos contenciosos (sen prexuízo de que no curso do proceso se obteña o consentimento do cónxuxe demandado), o letrado do cónxuxe demandado minutará sempre aplicando a escala tipo ao 50%, sobre a base que resulte da diferenza entre o solicitado e o concedido correspondente a cinco anualidades, e aplicaranse as contías orientadoras antes establecidas.

#### Sección segunda Medidas provisionais

- 105. Previas á demanda.** Pola intervención nas medidas provisionais previas á demanda de nulidade, separación ou divorcio, devengarase

- |                                  |       |
|----------------------------------|-------|
| a) Solicitud                     | 180 € |
| b) Intervención na comparecencia | 420 € |

**106. Coetáneas.** Pola intervención nas medidas provisionais derivadas da admisión da demanda de nulidade, separación ou divorcio, aplicaranse as cantidades sinaladas no artigo 105.

**107. Incremento.** En ambos casos teránse en conta os criterios da Sección anterior

Sección terceira  
Procedemento de separación

**108. Separación de mutuo acordo.** Pola intervención no procedemento de separación de mutuo acordo ou con consentimento do outro cónxuxe, devengarase, con carácter xeral 750 €

**109. Separación contenciosa e suposto asimilado.** Pola intervención no procedemento de separación, tanto se é contencioso coma se con posterioridade á presentación da demanda o outro cónxuxe mostra o seu consentimento, devengarase con carácter xeral 1.200 €

**110. Regra xeral.** Nestes honorarios enténdese incluída a redacción do convenio regulador, pero non a liquidación da sociedade de gananciais que se minutará de acordo co establecido no título VIII do libro I deste baremo

Sección cuarta  
Procedemento de divorcio

**111. Regra xeral.** Aplicaranse os mesmos criterios que os correspondentes á separación, salvo que se trate de divorcio por simple transcurso do prazo, sen que haxa oposición nin modificación de medidas, caso para o que se devengarán con carácter xeral 750 €

**TÍTULO VIII**  
**DIVISIÓN XUDICIAL DE PATRIMONIOS**

**112. Divisións de herdanzas.** Nas divisións de herdanza aplicarase a escala tipo sobre o interese real que o cliente represente na herdanza obxecto de partición 600 €

**113. Contador-partidor.** O contador-partidor minutará o 30% do que resulte de lle aplicar a escala tipo á herdanza obxecto de partición 300 €

**114. Substanciación polos trámites do xuízo verbal.** Cando, por se ter formalizado a oposición a que se refire o artigo 787.5 LAC, continuase o procedemento polos trámites do xuízo verbal, aplicarase as regras propias deste procedemento tomando como base o interese económico obxecto de oposición, cunha redución do 50%.

**115. Formación de inventario, intervención e administración do caudal hereditario.**  
a) Cando se suscite controversia sobre a inclusión ou exclusión dun ou máis bens, aplicarase o criterio do artigo anterior, tomando como base o valor do ben ou bens discutidos.  
b) Nos supostos de intervención do caudal hereditario e da súa administración, as actuacións que teñan lugar minutaranse en atención ás circunstancias aplicándose, como regra orientadora, a escala tipo ao 20% sobre o valor ou interese real que ao cliente corresponda 240 €

**116. Liquidación do réxime económico matrimonial.** Pola intervención profesional na liquidación do réxime económico matrimonial devengarase o 50% do que resulte de aplicar a escala tipo sobre o valor ou interese real do cliente 300 €

**117. En especial: vivenda conxugal como único ben inventariado.** Non obstante o anterior, cando a vivenda conxugal habitual ou o seu enxoval fose o único ben inventariado ou

representase más do 70% do patrimonio, a minuta reducirase nun 50%.

**118. Suposto de oposición.** En caso de oposición, os honorarios correspondentes ao xuízo verbal devengarase conforme ás regras previstas para este procedemento.

**119. Procedementos posteriores.** Para a determinación dos honorarios derivados de calquera outro procedemento posterior, estarase ao que establezan as regras específicas dese procedemento.

## TÍTULO IX PROCESOS MONITORIO E CAMBIARIO

### CAPÍTULO I PROCESO MONITORIO

**120. Formulación de demanda ou oposición.** Pola formulación da demanda e pola oposición á mesma, aplicarase a escala tipo ao 50% 120 €

**121. Procedemento subsiguiente.** Se como consecuencia da oposición se houbera de tramitar un ulterior proceso, aplicaránse a éste as regras propias do proceso polo que deba substanciarse.

### CAPÍTULO II PROCESO CAMBIARIO

**122. Primeiro suposto: pago sen oposición.** Cando non exista oposición á demanda, se o demandado pagase no prazo establecido no artigo 821 LAC, devengarase o 50% da escala tipo sobre a cantidade pola que se despache execución. Se pagase despois de transcorrido ese prazo, aplicarase a escala tipo ao 75% sobre a mesma base.

**123. Segundo suposto: oposición.** Cando exista oposición, a escala tipo aplicarase, para o letrado do actor, sobre o principal reclamado, e para o do executado, sobre a cantidade pola que se despache execución 450 €

**124. Outros supostos: remisión.** Para o non incluído nos apartados anteriores, aplicaranse as regras previstas para o proceso de execución.

## TÍTULO X OUTRAS ACTUACIÓNS PROCESUAIS

### CAPÍTULO I CUESTIÓNS INCIDENTAIS

#### Sección primeira Cuestións incidentais nos artigos 387 a 393 LAC

**125. Con contía determinada ou propia.** Aplicarase o 50% da escala tipo sobre a base da contía da materia incidental, sen que exceda do 25% do que corresponda ao proceso principal. 120 €

**126. Contía indeterminada.** As que carezan en si mesmas de contía ou se susciten respecto a presupostos e requisitos procesuais, minutaranse prudencialmente, sen que exceda do 25% do que corresponda ao proceso principal. 150 €

Sección segunda  
Outras incidencias con regulación en distintos preceptos da LAC

<b>127. Acumulación de procesos.</b> Nos incidentes que se susciten sobre acumulación de distintos procesos, minutarase do seguinte modo:	
a) Ante o mesmo tribunal	
Xuízo ordinario e especiais:	120 €
Xuízo verbal	60 €
b) Ante distintos tribunais,	150 €
<b>128. Impugnación do valor probatorio de documentos nos supostos a que se refiren os artigos 320 e 326 LAC.</b> Con aplicación das regras xerais do título preliminar	120 €
<b>129. Cuestións incidentais sobre determinados casos de terminación anticipada do proceso.</b> Pola intervención en actuacións sobre terminación do proceso por satisfacción extraprocesual ou carencia sobrevida de obxecto	120 €
<b>130. Incidentes de recusación.</b> Nos incidentes que se presenten sobre recusación, minutarase do seguinte modo	
a) De maxistrados, xuíces e secretarios xudiciais:	150 €
b) De oficiais, auxiliares e axentes ao servizo da Administración de Xustiza:	120 €
c) De peritos xudiciais:	120 €
<b>131. Reconstrucción de actuacións procesuais.</b> Intervención letrada no expediente de reconstrucción de actuacións.	
a) Controvertido:	150 €
b) Non controvertido:	120 €
<b>132. Incidentes de nulidade.</b>	
a) Nos regrados no artigo 227 LAC	120 €
Non obstante, os honorarios poderán incrementar a cantidade prudentemente ponderando a transcendencia real ou efectiva do que sexa obxecto do incidente	
b) Os regrados no artigo 228 LAC, minutaranse xirando o 25% da escala tipo sobre a base da contía do proceso a que se refiran.	180 €
<b>133. Procedemento sobre asistencia xurídica gratuíta.</b> Procedemento previsto no artigo 20 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, sobre asistencia xurídica gratuíta.	210 €

**CAPÍTULO II**  
**IMPUGNACIÓN DE TAXACIÓNS DAS CUSTAS**

<b>134. Impugnación pola consideración de honorarios excesivos.</b>	
a) Custas impostas ao impugnante: cando a resolución que poña fin ao incidente lle impoña as custas ao impugnante, aplicarase o 25% da escala tipo, tomando como base a minuta impugnada	60 €
b) Custas impostas ao impugnado: cando a resolución que poña fin ao incidente lle impoña as custas ao letrado ao que se lle impugna a minuta, aplicarase a escala tipo ao 10% servindo de base a cantidade en que se teña rebaxado a minuta pola resolución xudicial.	
<b>135. Impugnación pola consideración de indebidos ou non incluídos.</b> Minutarase o 100% da escala tipo tomando como base minutable o importe da partida ou partidas impugnadas.	150 €
<b>136. Impugnación por ambas consideracións.</b> Se a impugnación fose polo dobre concepto de indebidos e excesivos, os anteriores apartados aplicaranse separadamente sen que proceda a acumulación de contías.	

**CAPÍTULO III**  
**XURA DE CONTA**

**137. Procedemento especial e sumario sobre reclamación de conta do procurador ou minuta de letrado ao cliente propio, regulado no artigo 35 LAC.** Aplicarase o 20% da escala tipo, tomando como base minutable o importe da conta do procurador ou da minuta de honorarios de letrado 120 €

**TÍTULO XI**  
**PROCESOS RELACIONADOS CO DEREITO MERCANTIL**

**138. Convocatoria xudicial da Xunta Xeral.** Nas actuacións relativas a convocatoria xudicial da Xunta Xeral, haberá de distinguirse:

- a) o letrado promovedor devengará: 360 €
- b) o secretario designado xudicialmente devengará: 360 €
- c) o presidente designado xudicialmente devengará: 480 €

**139. Nomeamento xudicial de auditor.** Actuacións para nomeamento xudicial de auditor e interventor co obxecto de revisar contas: fixaranse discrecionalmente os honorarios 360 €

**140. Procedemento sobre roubo, furto ou extravío de documentos de crédito e efectos ao portador.** Aplicaranse as seguintes porcentaxes da escala tipo, tomando como base o valor do que se reclame, coas seguintes cantidades orientadoras

- a) Sen oposición: o 30% da escala tipo 120 €
- b) Con oposición: o 50% da escala tipo 180 €

**TÍTULO XII**  
**PROCESOS UNIVERSAIS INTER VIVOS**

**CAPÍTULO I**  
**PROCEDEMENTOS DE QUITA E ESPERA, CONCURSO DE ACREDORES E**  
**SUSPENSIÓN DE PAGAMENTOS**

**141. Base aplicable.** Os honorarios do letrado debedor, promotor do proceso, calcularanse, por toda a súa tramitación, tomando como base a contía do pasivo do balance definitivo, conforme ao 50% da escala tipo, ata 600.000 € de base. O que exceda desta base minutarase ao 25% da mesma escala tipo. Caso de non chegar a celebrarse a correspondente Xunta para a discusión do convenio, ou que non se aprobase este.

**142. Porcentaxe da escala tipo aplicable.** O letrado ou letrados dos acredores percibirán os seus honorarios conforme aos 50% da escala tipo, tomando como base a contía do crédito dos seus respectivos clientes, moderándoos en razón proporcional á que, en definitiva, quedaran reducidos.

**CAPÍTULO II**  
**PROCESOS DE CREBA**

**143. Regra xeral.** Para a minutación nos procesos de creba, terase moi en conta o traballo efectivamente realizado e a súa relevancia nos mesmos, así como a real intervención en cada unha das pezas da creba, debendo terse presentes as consecuencias finais deste tipo de procedementos universais, para moderar ou temperar no posible os honorarios á proporción en que, realmente, resulten satisfeitos os créditos recoñecidos.

**144. Letrado do crebado e da sindicatura.** Os honorarios do letrado do crebado e da sindicatura calcularanse, por toda a súa tramitación, tomando como base a contía do activo, conforme ao 110% da escala tipo 350 €

**145. Letrados dos acredores.** Os honorarios dos letrados dos acredores calcularanse, por toda a súa tramitación, tomando como base a realidade do crédito percibido polos seus clientes, conforme ao 100% da escala tipo 300 €

**146. Letrado do instante da creba.** No suposto de non ser letrado do crebado, percibirá, pola solicitude de dilixencias posteriores, o 20% da escala tipo, tomando como base a contía do pasivo que se concrete para a primeira Xunta de acredores para o nomeamento de síndicos, sen prexuízo do que logo lle corresponda devengar sobre o crédito do seu, e sen sobordar, en conxunto, o cuádruplo do que correspondería en función do crédito dito, salvo que a intensidade do traballo realizado en beneficio da masa de acredores xustifique a percepción de honorarios superiores.

### **TÍTULO XIII ASUNTOS RELACIONADOS COA LEI HIPOTECARIA**

**147. Procesos derivados do artigo 41 LH.** Rexeranse polo disposto para o proceso de execución, aplicándose a escala tipo ao 100% 750 €

**148. Expediente de dominio.** Minutarase o 40% da escala tipo, sobre o valor real dos bens 360 €

**149. Actas de notoriedade.** Minutarase o 20% da mesma cantidade 300 €

**150. Outros expedientes da Lei hipotecaria.** Minutarase segundo a súa importancia económica e transcendencia, prudentemente 240 €

### **TÍTULO XIV XURISDICIÓN VOLUNTARIA**

#### **CAPÍTULO I REGRA XERAL**

**151. Oposición.** De se facer oposición a calquera acto de xurisdición voluntaria e se convertese en contencioso, graduaranse os honorarios aplicando o baremo na parte que corresponda ao xuízo polo que se substancie, sen prexuízo dos que proceda percibir polo período de xurisdición voluntaria.

#### **CAPÍTULO II PROCEDEMENTOS OU ACTUACIÓNS RELATIVAS ÁS PERSOAS**

**152. Regra xeral.** Como cantidade orientadora tomarase, con carácter xeral 240 €

#### **CAPÍTULO III PROCEDEMENTOS OU ACTUACIÓNS RELACIONADAS CON ACTOS DE ÚLTIMA VONTADE**

**153. Regra xeral.** Como cantidade orientadora tomarase, con carácter xeral 360 €

**CAPÍTULO IV**  
**PROCEDEMENTOS OU ACTUACIÓNS EN RELACIÓN A BENS**

- 154. Autorización xudicial para o alleamento de bens de menores e incapacitados.** Pola tramitación do expediente ata que recaia auto resolvendo a petición, devengarase o 10% da escala tipo sobre o valor dos bens 300 €
- 155. Valoración e subhasta.** De se proceder á valoración e subhasta dos bens, a cantidade resultante incrementarase en 120 €
- 156. Autorización xudicial para transixir os dereitos de menores e incapacitados ou para hipotecar ou gravar bens destes.** Aplicarase o 5% da escala tipo sobre o valor dos dereitos ou bens 300 €
- 157. Aprobación xudicial de actos ou negocios xurídicos nos que estean interesados menores ou incapacitados.** Aplicarase o 5% da escala tipo 180 €
- 158. Subastas voluntarias xudiciais.** Incluído o prego de condicións, devengarase o 5% da escala sobre o tipo de licitación 210 €
- 159. Posesión xudicial cando non proceda o interdicto de adquirir.** Devengarase o 5% da escala tipo sobre o valor real do ben 210 €
- 160. Deslinde e derrega.**
- a) De se levar a cabo: devengarase o 20% da escala sobre o valor dos predios do cliente 180 €
  - b) Noutro caso, fixaranse os honorarios discrecionalmente 180 €
- 161. Consignación xudicial en pagamento.** Aplicarase o 5% da escala, sobre a cantidade correspondente 150 €

**CAPÍTULO V**  
**EN NEGOCIOS DE COMERCIO**

- 162. Intervención no depósito e recoñecemento de efectos mercantís.** Devengarase o 15% da escala 240 €
- 163. Subhasta de efectos depositados.** De se subhastar en efectos depositados, os anteriores honorarios incrementarase en 120 €
- 164. Actuacións relativas ao dereito marítimo.** Intervención en cualificación das avarías e liquidación da grosa e contribución a ela, así como descarga, abandono de intervención de efectos mercantís e da fianza de cargamento, e alleamento e apoderamento de efectos comerciais en casos urxentes e de recomposición de naves; devengarase o 15% da escala 240 €
- 165. Outras actuacións.** Nomeamento de coadministrador por mal uso de facultades polo administrador e exhibición da contabilidade e documentos en sociedades regulares colectivas. Aplicarase as regras xerais do título preliminar. 240 €

**CAPÍTULO VI**  
**DECLARACIÓN DE HEREDEROS**

- 166. Expediente de declaración de herdeiros.** Atenderase a circunstancias tales como número de herdeiros, distancia do grao e parentesco con respecto ao causante, etc. 300 €

**CAPÍTULO VII**  
**PROCESOS UNIVERSAIS POR CAUSA DE MORTE**

**167. Prevención do *abintestato*.** Calcularanse os honorarios en atención ás circunstancias concorrentes de acordo coas regras do título preliminar, servindo, nos casos máis ordinarios, como regra de prudencia, a suma de 180 €

**LIBRO III**  
**XURISDICIÓN PENAL**

**TÍTULO I**  
**ASISTENCIAS**

**168. Asistencias a detidos.**  
a) Se a asistencia tivese lugar en horas xudiciais hábiles (entre as 9:00 h e as 20:00 h) 120 €  
b) Se a asistencia tivese lugar en horas distintas das indicadas no artigo anterior, así como en días non laborables 150 €

**169. Regra xeral.** A norma anterior aplicarase calquera que sexa a dependencia en que se ache o detido: en comisarías e dependencias dos corpos e forzas de seguridade do Estado, xulgado, etc.

**TÍTULO II**  
**ACTUACIÓNS EN XUÍZOS DE FALTAS**

**170. Actuacións anteriores ao acto do xuízo.** Polas actuacións levadas a cabo anteriores ao acto oral (redacción de denuncias ou outros escritos, asistencia a comparecencias, dilixencias, estudo das actuacións, etc) Aplicarase o 60% do que resulte para as actuacións da mesma clase levadas a cabo en dilixencias dos asuntos por delito.

**171. Acción penal.** Caso de que no acto do xuízo se xulguen únicamente cuestións de índole penal, o letrado da acusación e o da defensa minutará discrecional e prudentemente segundo as regras do título preliminar 120 €

**172. Acción civil.** Caso de que no acto do xuízo se exercite a acción civil derivada da falta, o letrado da acusación e o da defensa aplicarán os artigos establecidos para os procedementos por delito.

**173. Suspensión do xuízo unha vez iniciado o acto.** Ademais do que se deixa establecido, Se o xuízo se celebre en varias sesións, o letrado percibirá por cada sesión do acto oral que exceda dunha, un incremento do 10% 80 €

**174. Suspensión da celebración do xuízo.** Percibirase por cada sesión suspendida dentro do día sinalado antes de iniciarse o acto, un incremento do 10% sobre o que corresponda minutar a este

### TÍTULO III ACTUACIÓNS EN PROCEDEMENTOS ORDINARIO E ABREVIADO POR DELITO

#### CAPÍTULO I REDACCIÓN DE ESCRITOS PROCESUAIS

- 175. Redacción de escrito de denuncia.** 150 €
- 176. Redacción de escrito de querela.** 300 €
- 177. Redacción de escrito que propón probas ou no que se fai calquera outro pedimento ou alegación.** 90 €
- 178. Pezas xebradas e outras incidencias do procedemento.** Redacción de escritos sobre cambio de situación persoal do inculpado ou de liberdade provisional, prestación, redución, elevación ou cancelación de fianzas ou caucións, embargos e administración de bens, responsabilidade de terceiros, asignación de pensión provisional ou prestación de asistencia médica e outras similares 120 €
- 179. Redacción de escrito de cualificación provisional e proposición de probas para o acto oral.** 180 €

#### CAPÍTULO II ASISTENCIA A DILIXENCIAS

- 180. Asistencia a dilixencias e actuacións na sede do xulgado.** Na xeneralidade das actuacións en que deba asistir o letrado 90 €
- 181. Asistencia a dilixencias e actuacións fóra do xulgado.** Con independencia da saída, que se minutará á parte 120 €

#### CAPÍTULO III ESTUDO DA CAUSA

- 182. Estudo da causa.** Minutarase tendo en conta as dificultades xurídicas, as de feito do asunto e a súa laboriosidade, así como as demais regras do título preliminar 120 €

#### CAPÍTULO IV XUÍZO ORAL

##### Sección primeira Regras xerais

- 183. Concurso de delitos e pluralidade de penas. Delito continuado.**
- a) Se, por tratarse de máis dun delito, as penas solicitadas polas partes acusadoras foran máis dunha, calcularanse os honorarios de acordo cos que correspondan respecto da pena máis grave, incrementándose nun 15% por cada un dos delitos restantes.
- b) No suposto de delito continuado, o incremento sreá do 20%.
- 184. Pluralidade de acusados.** Se o defensor asumise a defensa conxunta de máis dun inculpado na mesma causa, procederase como segue:
- a) Se os inculpados o fosen polo mesmo delito, a minuta que puidese corresponderlle incrementarase nun 15% por cada un deles, cun incremento máximo do 100%.

b) Se os defendidos fosen acusados de distintos delitos, dentro da mesma causa, percibirá de cada un deles a cantidade que resulte de aplicar a cada caso, individualizando as regras anteriores.

Iguais regras observará o letrado acusador no suposto de soste a acusación contra varios.

**185. Suspensión da vista.** Se a vista se suspendese antes de comezar o acto oral, dentro dos cinco días anteriores ao sinalamento, os honorarios incrementaranse nun 10%. Por cada suspensión que se produza despois de iniciado o acto ou por cada sesión posterior á primeira, o aumento será do 10%.

#### Sección segunda

##### Honorarios do letrado da acusación particular.

**186. Primeiro suposto.** Caso de que a condena coincida ou sexa superior á solicitada polo letrado, aplicaranse, as seguintes cantidades:

- |                       |         |
|-----------------------|---------|
| a) Penas graves       | 1.500 € |
| b) Penas menos graves | 1.200 € |
| c) Penas leves        | 840 €   |

**187. Segundo suposto.** No suposto de que a sentenza sexa absolutoria ou menor que a solicitada polo letrado, percibirase o 50% de tales sumas.

#### Sección terceira

##### Honorarios do letrado da defensa

**188. Primeiro suposto.** No suposto de que se desestime íntegramente o solicitado polo letrado da defensa, aplicaranse as cantidades recollidas na norma 186, cunha minoración dun 30%.

**189. Segundo suposto.** No suposto de que a pena contida na parte dispositiva da sentenza sexa inferior á menor das solicitadas polas partes acusadoras, aplicaranse as cantidades previstas na norma 186 cun incremento dun 30% máis.

**190. Terceiro suposto.** No suposto de decisión absolutoria, aplicaranse as cantidades previstas na norma 186, cun incremento dun 50% máis.

### **CAPÍTULO V** **ASPECTO CIVIL**

**191. Incremento.** Se ademais do aspecto penal se discutisen no proceso as responsabilidades civís derivadas da infracción penal declarada en sentenza, os honorarios indicados incrementaranse consonte as regras contidas no presente capítulo

**192. Honorarios do letrado da acusación particular ou privada.** O que resulte de aplicar o 60% da escala tipo sobre a cantidade estimada en sentenza.

**193. Honorarios do letrado da defensa.** Minutará da seguinte forma:

a) Acción civil estimada íntegramente: con carácter xeral, o 30% da escala tipo, tomando como base o principal outorgado en sentenza

b) Acción civil estimada parcialmente: Se a sentenza contivese indemnización inferior ás solicitadas polas acusacións, aplicarase o 50% da escala tipo, tomando como base a diferenza entre a indemnización solicitada polo ministerio fiscal ou acusación Particular e a que resulte da sentenza.

c) Acción civil desestimada íntegramente: Aplicará a escala tipo ao 60% sobre a cantidade solicitada polo ministerio fiscal ou a falta deste, pola acusación particular.

## **CAPÍTULO VI** **CONFORMIDADE**

**194. Conformidade.** Nos supostos en que exista conformidade coa pena ou co aspecto civil, así como nos casos de acordos sobre a mesma, aplicarase unha redución de ata o 40% dos honorarios que correspondan segundo os artigos anteriores, salvante o caso de que coa conformidade se evite o ingreso en prisión, no que non procederá redución algunha.

## **TÍTULO IV** **ACTUACIÓNS EN PROCEDEMENTO DA LEI DO XURADO**

### **CAPÍTULO I** **REGRAS XERAIS**

**195. Aplicación analóxica.** Serán de aplicación as regras fixadas para a instrución do procedemento ordinario e o abreviado, e canto sexan compatibles

**196. Suspensión do xuízo.** Se o xuízo se suspende e se celebra en varias sesións o letrado percibirá por cada sesión do acto oral que exceda dunha, un incremento do 15% da cantidade fixada pola intervención no xuízo.

### **CAPÍTULO II** **MINUTACIÓN DE TRÁMITES PROPIOS DESTE PROCESO**

<b>197. Realización do traslado de imputación e acusación.</b> Polo estudo e a redacción do escrito correspondente	120 €
<b>198. Escrito de acusación.</b> Redacción do escrito de acusación para instar a apertura de xuízo oral, que formula conclusións provisionais e solicita testemuño de particulares	240 €
<b>199. Redacción do escrito de defensa.</b> Redacción do escrito de defensa, que formula conclusións provisionais e solicita testemuño de particulares	360 €
<b>200. Asistencia á audiencia preliminar sobre procedencia de xuízo oral.</b>	180 €
<b>201. Elección e recusación de candidatos ao xurado.</b> Pola intervención neste trámite, minutarase ponderando as incidencias que se produzan	120 €
<b>202. Constitución do tribunal e recusación dos membros do xurado.</b> Pola intervención neste trámite, minutarase ponderando as incidencias que se produzan	180 €
<b>203. Acto do xuízo.</b> Por intervención no acto do xuízo, con alegacións previas, como acusación ou defensa, informe e lectura do veredicto: aplicarase o establecido para os procedementos do xuízo ordinario e abreviado, incrementando o resultante nun 30%	1.500 €

### **CAPÍTULO III** **ASPECTO CIVIL**

**204. Incremento.** Se ademais do aspecto penal se discutisen no proceso as responsabilidades civís derivadas da infracción penal declarada en sentenza, os honorarios indicados incrementaranse de acordo coas regras contidas no presente capítulo

**205. Honorarios do letrado da acusación particular ou privada.** O que resulte de aplicar o 60% da escala tipo sobre a cantidade estimada en sentenza.

**206. Honorarios do letrado da defensa.** Minutarase da seguinte forma:

a) Acción civil estimada íntegramente: Con carácter xeral, o 30% da escala tipo, tomando como base o principal outorgado en sentenza

b) Acción civil estimada parcialmente: se a sentenza contivese indemnización inferior ás solicitadas polas acusacións, aplicarase o 50% da escala tipo, tomando como base a diferenza entre a indemnización solicitada polo ministerio fiscal ou, a falta deste, pola acusación particular e a que resulte da sentenza.

c) Acción civil desestimada íntegramente: aplicarase a escala tipo ao 60% sobre a cantidade solicitada polo ministerio fiscal ou a falta deste, pola acusación particular.

#### **CAPÍTULO IV CONFORMIDADE**

**207. Conformidade-** Nos supostos en que exista conformidade coa pena ou co aspecto civil, así como en casos de acordos sobre ela, aplicarase unha redución de ata o 40% dos honorarios que correspondan segundo as regras anteriores, salvante o caso de que coa conformidade se evite o ingreso en prisión, no que non procederá redución algunha..

#### **TÍTULO V PROCEDEMENTO DE INXURIA E CALUMNIA**

**208. Asistencia ao acto do xuízo.** Asistencia e intervención no xuízo verbal, cando se trate de inxurias inferidas verbalmente 190 €

**209. Instrucción da causa.** Aplicaranse as regras dos Capítulos I, II e III do Título III. 120 €

**210. Inxurias e outro tipo de inxurias.** Aplicaranse as regras dos Capítulos I, II e III do Título III. 150 €

#### **TÍTULO VI OUTROS PROCEDEMENTOS ESPECIAIS**

**211. Antexuízo regrado polos artigos 757 e ss. da LACRIM.** Pola querela e demais actuacións será de aplicación o que dispón este baremo para os procedementos ordinarios, incrementando o resultante nun 50%.

**212. Procedemento para a extradición.** Polos escritos a que dea lugar o exercicio das accións civís reservadas 300 €

**213. Procedemento para a concesión de indultos e polos escritos de alegacións en solicitude de graza.** Minutarase prudencialmente de acordo coa entidade do asunto. 210 €

#### **TÍTULO VII RECURSOS**

#### **CAPÍTULO I INTERPOSICIÓN**

<b>214. Recurso de apelación.</b> Pola redacción de escrito de formalización de recurso de apelación, devengarase o 25% do que corresponda á primeira instancia segundo o resultado derivado da sentenza de apelación.	120 €
<b>215. Recurso de reforma.</b> Redacción de escrito de recurso de reforma contra autos de adopción de medidas, de procesamento e subsidiarios de apelación: minutarase discrecionalmente, atendendo á complexidade das cuestións debatidas	120 €
<b>216. Recurso contra outras decisións de simple trámite.</b> Pola redacción de escritos de recurso contra tales decisións minutarase discrecionalmente	90 €
<b>217. Recurso contra resolucións que afecten ao fondo do asunto ou á continuación do xuízo.</b> Pola redacción de escritos de recurso en tales cuestións minutarase discrecionalmente, atendendo á complexidade ou trascendencia das cuestións debatidas	120 €
<b>218. Habeas corpus.</b> Redacción de recurso de liberdade provisional ou <i>habeas corpus</i>	150 €

## **CAPÍTULO II**

### **RECURSO DE CASACIÓN**

<b>219. Preparación.</b> Minutarase tendo en conta a gravidade dos delitos ou penas solicitadas ou declaradas en sentenza	180 €
<b>220. Interposición.</b> a) o letrado da parte recorrente devengará o 100% do que lle corresponda á primeira instancia. b) o letrado da parte recorrida devengará o 75% do que lle corresponda á primeira instancia. Nos dous casos anteriores, os honorarios resultantes poderán incrementarse un 10% para os casos en que se celebre vista.	1.200 €

## **TÍTULO VIII**

### **EXECUCIÓN DE SENTENZAS**

- 221. Criterios de cálculo.** Os honorarios graduaranse conforme ás regras xerais contidas no título preliminar, e prevese a título orientador un 20% do devengado no asunto principal.
- 222. En especial: sentenzas de contido indemnizatorio.** Non obstante o disposto na norma anterior, na execución das sentenzas de contido indemnizatorio, poderán terse en conta as regras da execución das sentenzas civís, as contías das cales se aplicarán cunha redución do 50%, sempre que a intervención sexa relevante para a consecución do resultado

# LIBRO IV XURISDICIÓN SOCIAL

## TÍTULO I ACTUACIÓNS NON PROCESUAIS

### CAPÍTULO I CONVENIOS COLECTIVOS

**223. Regra xeral.** Os honorarios establecidos nesta sección poderanse incrementar nun 20% por cada 1000 traballadores concernidos polo convenio ou fracción, nos de empresa, e nun 5% por cada 1000 trabaxadores ou fracción, nos de ámbito provincial ou superior

**224. Negociación de convenios colectivos.** O letrado que interveña na negociación de tales convenios poderá ter en conta as seguintes cantidades

- |                                |       |
|--------------------------------|-------|
| a) Convenio de empresa         | 450 € |
| b) Convenio provincial         | 600 € |
| c) Convenio de ámbito superior | 900 € |

**225. Reunións.** Por cada sesión ou reunión da comisión negociadora á que asista o letrado, ademáis da primeira. 150 €

**226. Redacción de convenios colectivos.** Pola redacción e elaboración de convenios colectivos, valorarase a complexidade e alcance do discutido:

- |                                |         |
|--------------------------------|---------|
| a) Convenio de empresa         | 600 €   |
| b) Convenio provincial         | 1.800 € |
| c) Convenio de ámbito superior | 3.000 € |

### CAPÍTULO II CONFLICTOS COLECTIVOS

**227. Reunións en período conciliatorio.** Para as reunións e negociacións en período conciliatorio aplicaranse as regras do convenio colectivo con idénticos criterios respecto do ámbito do conflito.

### CAPÍTULO III ESTATUTOS

**228. Estatutos.** Na redacción de estatutos, aplicarase analoxicamente o que dispón este baremo para a xurisdición civil, cunha minoración do 25% se os servizos se prestan a traballadores 450 €

### CAPÍTULO IV CONTRATOS DE TRABALLO E OUTRAS ACTUACIÓNS

**229. Regra xeral.** Para minutar por este concepto poderase optar por aplicar analoxicamente o que este baremo establece para a contratación civil. En tal suposto, a referencia cuantitativa será dun ano de retribucións do traballador contratado.

**230. Contrato de traballo.** Pola redacción de contratos de traballo devengarase:

- |                                       |       |
|---------------------------------------|-------|
| a) Individual, con cláusulas sinxelas | 90 €  |
| b) Individual con cláusulas complexas | 180 € |
| c) Colectivo (modelo para empresa)    | 300 € |

- 231. Expedientes disciplinarios.** Por redacción de informe, comunicación de falta e sancións ao persoal laboral, minutarase de acordo coa importancia do asunto:
- a) Falta leve 120 €
  - b) Falta grave 150 €
  - c) Falta moi grave 300 €

**232. Incrementos.** Nos casos en que os expedientes disciplinarios afectasen a representantes dos traballadores, e nos que a sanción por falta moi grave fose o despedimento, os honorarios incrementaríanse nun 50%.

## **CAPÍTULO V** **ACTUACIONES ADMINISTRATIVAS**

**233. Regra xeral.** Seguiranse as regras establecidas no libro V, relativas ao ámbito administrativo, coas especialidades que se establecen nesta sección en canto fosen aplicables.

**234. Actas de Inspección de Traballo: Incrementos.** De se tratar de intervención en actas a empresas no seo de procedementos de infracción ou doutra índole, poderanse incrementar nun 50%.

- 235. Actuacións relativas a prestacións da Seguridade Social ou entidade análoga.**
- a) Solicitude e tramitación 120 €
  - b) Recursos en vía administrativa: 150 €

## **CAPÍTULO VI** **ACTUACIONES PREVIAS Á VÍA XURISDICCIONAL**

**236. Reclamación previa en vía administrativa.** Aplicarase o previsto no libro V

## **CAPÍTULO VII** **CONCILIACIÓN ANTE O SMAC**

- 237. Redacción de papeleta de conciliación e asistencia ao acto.**
- a) Se o acto finaliza sen avinza: 150 €
  - b) Se o acto finaliza con avinza: o 50% do que correspondese en vía xurisdiccional, pero deberá ponderarse o traballo efectivamente realizado 150 €
  - c) Se o letrado leva a defensa da empresa e se o acto finaliza con avinza: o 25% do que correspondese en vía xurisdiccional 150 €

## **TÍTULO II** **ACTUACIONES ANTE A XURISDICCION SOCIAL**

### **CAPÍTULO I** **REGRAS XERAIS**

**238. Regra xeral.** Por toda a tramitación, o letrado aplicará o 80% da escala tipo. Para o caso de reclamacións de salarios, a contía virá determinada polas cantidades reclamadas 150 €

**239. Suspensión do acto do xuízo.** En caso de suspensión do xuízo incrementaríanse os honorarios nun 10%

**240. Actuacións ante tribunales situados fóra do territorio nacional.** Poderanse incrementar os honorarios nun 100%, á parte de expensas, desprazamentos, e demais conceptos minutables

por separado

## CAPÍTULO II PROCESOS DE PRIMEIRA OU ÚNICA INSTANCIA

- 241. Reclamacións sobre prestacións de contía determinada da Seguridade Social, ou prestacións a prezo fixado.** Aplicarase a escala tipo ao 80% tomando como base o importe de cinco anualidades da prestación:
- a) Se a sentenza é estimatoria 240 €
  - b) Se a sentenza é desestimatoria 150 €
- 242. Reclamacións ante a Seguridade Social en demanda de recoñecemento dun dereito.** Con aplicación das regras xerais do título preliminar 150 €
- 243. Pensións periódicas.** Pola intervención en procesos que versen sobre reclamacións de pensións periódicas á Seguridade Social ou a mutuas prestacionais, minutarase de acordo co seguinte:
- a) Sentenza estimatoria: aplicarase a escala tipo ao 80 % sobre a contía correspondente a cinco anos da prestación recoñecida en sentenza.
  - b) Sentenza desestimatoria: Salvante supostos excepcionais en que a importancia, entidade ou traballo desenvolvido no asunto o permitan, en ningún caso a minuta será superior á cantidade de 300 € 150 €
- 244. Reclamacións de despedimento.** Aplicarase a escala tipo sobre o importe de 45 días de salario, multiplicado polos anos de servizos do demandante ou fracción 300 €
- 245. Despidos colectivos.** Pola intervención en procesos sobre despedimento colectivo, por causas económicas, organizativas, técnicas ou de produción, aplicarase o mesmo criterio que o da norma anterior, cunha redución do 5% por cada traballador, ata unha redución máxima do 40%.
- 246. Extinción de contrato por causas obxectivas.** Aplicarase a mesma norma que para o despedimento. A contía ponderarase respecto do volume indemnizatorio que, en definitiva, resulte.
- 247. Reclamacións en materia de sancións distintas do despedimento.** Aplicarase o dobre da escala administrativa.
- 248. Reclamacións en materia de vacacións.** Aplicarase a escala sobre o salario dun mes do actor 150 €
- 249. Reclamacións en materia de modificación esencial de condicións de traballo.** Minutarase en función da súa importancia 300 €
- 250. Reclamacións en materia de traslados.** Aplicarase a norma anterior.
- 251. Reclamacións en materia electoral.** Con aplicación das regras xerais do título preliminar 300 €
- 252. Impugnación de convenios colectivos ou estatutos.** Terase en conta o seu ámbito de eficacia e aplicación 600 €
- 253. Conflitos colectivos.** Na intervención ante o xulgado do social aplicaranse as regras xerais desta xurisdición, e establécese unha contía de 3000 € por cada millar de traballadores concernidos ou fracción 600 €

**CAPÍTULO III**  
**TUTELA DE DEREITOS FUNDAMENTAIS**

- 254. Procesos sobre tutela de dereitos fundamentais.** Aplicaranse as seguintes regras:
- a) Sentenza estimatoria: o letrado que consiga para o seu cliente unha sentenza estimatoria da súa pretensión 600 €
  - b) Sentenza desestimatoria: En caso de que o letrado obteña para o seu cliente unha sentenza desestimatoria da súa pretensión 300 €
  - c) A dita cantidade incrementarase coa cantidade resultante de aplicar a escala tipo ao importe indemnizatorio, que, no seu caso, se declare en sentenza

**CAPÍTULO IV**  
**RECURSOS**

**255. Regras Xerais: remisión.** Serán de aplicación as regras xerais contidas no título V, capítulo I, do libro II deste baremo de honorarios, relativas á xurisdición civil.

**256. Reposición, súplica e queixa.** Os honorarios devengados polo letrado serán os correspondentes ao 25% correspondente á instancia 120 €

**257. Recurso de suplicación.**

- a) Anuncio: 60 €
- b) Formalización: percibirase o 50% da instancia 150 €
- c) Impugnación do recurso de suplicación: percibirase o 40% dos honorarios que correspondan á instancia 150 €

**258. Recurso de casación para a unificación de doutrina.**

- a) Preparación: 150 €
- b) Formalización: o 75% da instancia 450 €

**CAPÍTULO V**  
**AUDIENCIA ao REBELDE**

**259. Audiencia ao rebelde.** Por toda a tramitación o letrado devengará o 25% do que lle corresponda á instancia 300 €

**LIBRO V**  
**XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA**

**TÍTULO I**  
**ACTUACIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA**

## CAPITULO I ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS XERAIS

### Sección primeira Regras xerais

**260. Criterio xeral.** Salvo que se dispoña outra cousa, enténdese que os honorarios previstos para un procedemento comprenden todos os seu actos, escritos e actuacións propias. Se a intervención do letrado non abranguese todos os trámites do procedemento, a minutación realizarase discrecionalmente, e de conformidade cos criterios que establecen as regras xerais contidas no título V, capítulo I, do libro I deste baremo de honorarios, relativas á xurisdición civil.

**261. Importe máximo.** O importe total da minuta por actuacións particulares realizadas no seu dun procedemento nunca poderá superar a cantidade prevista para o procedemento completo.

**262. Apoderamento.** No caso de que o letrado teña a representación do cliente, será igualmente de aplicación o disposto nas regras xerais deste baremo.

### Sección segunda Procedemento administrativo xeral

**263. Dirección e intervención letrada en procedementos administrativos.** A dirección ou intervención letrada en procedementos ou expedientes administrativos devengará con carácter xeral os seguintes honorarios

a) Asuntos de contía determinada: aplicarase o 40% da escala tipo. No obstante, para o caso de producirse un especial beneficio económico para o cliente, o letrado poderá optar por aplicar o 60% da escala tipo sobre tal beneficio 240 €

b) Asuntos de contía indeterminada: a minutación levarase con aplicación dos criterios de fixación do título preliminar deste baremo. 240 €

**264. Redacción de escritos.** Pola redacción de escritos de instancias, alegacións, comunicacións, etc., devengarase os honorarios que se detallan a continuación

a) pola redacción de escritos sinxelos 120 €

b) pola redacción de escritos de certa complexidade ou importancia 180 €

## CAPÍTULO II PROCEDEMENTOS SANCIONADORES

**265. Intervención en expedientes sancionadores.** A intervención do letrado en todo o expediente sancionador devengará os seguintes honorarios:

a) Con contía determinada: o 20% da escala tipo, tomando como contía o importe máximo da multa previsto pola administración actuante ao inicio do procedemento. 120 €

b) Con contía indeterminada: no caso de que a sanción non consista na obriga de aboar unha cantidade pecuniaria senón na privación de calquera outro dereito, minutarase prudentemente seguindo as regras xerais do título preliminar, e tomará ademais en consideración o prexuízo económico que puidese ser causado pola privación de tal dereito 240 €

## CAPITULO III RECLAMACIÓNS PREVIAS Á VÍA LABORAL E CIVIL

**266. Criterio xeral.** Fixaranse os honorarios conforme as regras xerais do título preliminar, segundo os seguintes supostos

a) Se fose estimada: o 50% do que correspondería en vía xurisdiccional 150 €

b) Se non fose estimada 120 €

**CAPITULO IV**  
**RECURSOS ADMINISTRATIVOS**

Sección primeira  
Recursos de alzada e reposición

- 267. Recurso de alzada e potestativo de reposición.** Pola redacción do recurso e intervención en cantas incidencias se produzan, minutarase:
- a) Se o asunto é de contía determinada: con independencia da aplicación dos criterios de fixación recollidos nas regras xerais do título preliminar, aplicarase o 20% da escala tipo. 120 €
  - b) Se o asunto é de contía indeterminada: aplicaranse os criterios de fixación recollidos nas regras xerais do título preliminar 150 €
- 268. Recurso extraordinario de revisión.** Aplicarase a norma anterior.

Sección segunda  
Reclamacións económico-administrativas

- 269. Redacción de escrito de interposición.** Pola redacción do escrito de interposición do recurso económico administrativo, 60 €
- 270. Instrucción.** Instrucción de expediente, escrito de alegacións e, no seu caso, proposición de proba: devengarase o 50% da cantidade que resulte de aplicar a escala tipo ao importe do que é obxecto de reclamación. 180 €

**CAPITULO V**  
**EXPROPIACIÓN FORZOSA**

- 271. Actuacións previas.** Polas alegacións anteriores á acta previa á ocupación: aplicarase a escala tipo ao 50%
- 272. Acta previa e acta de ocupación.** Pola intervención e comparecencia na acta previa á ocupación ou acta de ocupación, e minutarase á parte a saída e demais conceptos independentes 150 €
- 273. Fase de prezo xusto.** A intervención profesional en expedientes para a determinación do prezo xusto, que inclúe a formulación de folia de aprecio, escrito de alegacións e demais actuacións normais ata esgotar a vía administrativa, devengará o 100% da escala tipo, tomando como base a diferenza entre a cantidade ofrecida pola Administración e a que se obteña en vía administrativa. 300 €
- 274. En especial: pagamento en especie.** En caso de que o prezo xusto se aboe en especie, este taxarase por referencia ao valor medio de mercado.
- 275. Mutuo acordo.** Se o prezo xusto se determinase por mutuo acordo, aplicarase a norma 273, e tomarase como base a diferenza entre a cantidade prevista pola Administración inicialmente na memoria do expediente expropiatorio e a cantidade sobre a que exista o mutuo acordo
- 276. Reversión.** Cando se solicite a reversión dun ben expropiado, para o caso de que se derive da actuación una minoración do prezo que se lle ha aboar á Administración, con respecto á cantidade inicialmente solicitada por esta, minutarase o 100% da escala tipo sobre a diferenza de prezo. 600 €

**CAPÍTULO VI**  
**EXPEDIENTES SOBRE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA, CONCESIÓN**  
**ADMINISTRATIVAS, MINAS, AUGAS, E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS**

- 277. Regra xeral.** Polo asesoramento ou dirección letrada en expedientes de contratación e demais a que se refire este capítulo, no non previsto nel, aplicarase por analogía o previsto para a

contratación civil, e minutarase de forma independente as entrevistas con autoridades ou outros profesionais e as regras xerais do título preliminar.

**278. Intervención en expedientes sobre contratación, concesións, e explotación de servizos públicos.** Graduaranse os honorarios atendendo aos criterios xerais do título preliminar 300 €

## **CAPÍTULO VII** **ACTUACIONES EN MATERIA URBANÍSTICA**

### Sección primeira Planeamento urbanístico

**279. Plans xerais e proxectos de ordenación do medio rural.** Pola dirección coordinada de plans xerais ou proxectos de ordenación do medio rural, que comprendan a asistencia legal e intervención na súa tramitación ata obter resolución administrativa: devengarase o 100% da escala tipo sobre a contía de adjudicación do contrato, e minutarase á parte a contestación ás alegacións formuladas durante o período de información pública, tomando como cantidade orientadora a de 60 € por alegación, así como a asistencia a reunións e actuacións ante a Administración. 1.800 €

**280. Plans parciais e especiais.** Pola dirección coordinada de plans parciais e plans especiais, que comprendan a asistencia legal e intervención na súa tramitación ata obter resolución administrativa: devengarase uns honorarios non inferiores aos que corresponden ao técnico redactor. 1.200 €

**281. Plans especiais con contido de especial protección.** Pola intervención na dirección de plans especiais nos que se aplique normativa en materia de protección do patrimonio histórico artístico, medioambiental ou paisaxístico, que comprendan a asistencia legal e intervención na súa tramitación ata obter resolución administrativa: devengarase uns honorarios non inferiores aos que corresponden ao técnico redactor. 1.500 €

### Sección segunda Xestión urbanística

**282. Regra xeral.** Como norma de carácter xeral, os honorarios que se establecen nesta sección deben entenderse con carácter acumulativo, de tal forma que os que se devenguen pola intervención nun expediente completo de xestión urbanística virán dados pola suma dos que correspondan ás diferentes fases do procedemento.

**283. Servizos prestados a particulares.** Cando o letrado leve a un particular ou conxunto de particulares atinxidos por un sistema de actuación, sen dirixir o procedemento, terase en conta o interese real de cliente.

**284. Expedientes de delimitación.** Asesoramento legal nos expedientes de delimitación de polígonos: aplicarase o 5% da escala tipo sobre o valor de mercado dos terreos incluídos no polígono na data de aprobación inicial do expediente. 600 €

**285. Regularización de lindes.** Cando o procedemento de delimitación teña unicamente por obxecto a regularización de lindes co fin de conseguir fincas resultantes aptas para a súa edificación ou urbanización, aplicarase unha redución do 50% sobre a norma anterior. 420 €

Subsección primeira  
Sistema de compensación.

**286. Comisión xestora.** Asesoramento legal na organización da comisión xestora de compensación e elaboración e tramitación dos estatutos e bases de actuación ata que recaia resolución administrativa: aplicarase o 5% da escala tipo sobre o valor de mercado dos terreos incluídos no polígono na data en que se aprobe a delimitación do polígono. 2.400 €

**287. Constitución da xunta de compensación.** Asesoramento legal na constitución da xunta de compensación, con recollida, ordenación e estudo de títulos; a redacción da minuta da escritura de constitución da Xunta; tramitación subseguinte ata obter a inscrición da xunta no Registro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras e, en xeral, a asistencia letrada desde a aprobación dos estatutos e bases de compensación ata a referida inscrición: aplicarase o 5% da escala tipo sobre o valor de mercado dos terreos incluídos no polígono na data de aprobación definitiva dos estatutos e bases de actuación. 1.800 €

**288. Inscrición da xunta e demais actuacións ata a liquidación.** Asesoramento legal da xunta de compensación en todas as súas actuacións desde a inscrición da xunta no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras ata a súa liquidación, sen incluír a defensa da xunta ante os tribunais de xustiza de calquera xurisdición, que será obxecto de minuta separada): Aplicarase o 5% da escala tipo sobre o valor de mercado dos terreos incluídos no polígono na data de aprobación definitiva dos estatutos e bases de actuación. 2.400 €

**289. Proxecto de compensación.** Asesoramento legal na elaboración do proxecto de compensación, que comprende a recollida, ordenación e estudo da documentación necesaria, e a súa tramitación ata obter resolución administrativa: aplicarase o 10% da escala tipo sobre o valor de mercado dos terreos incluídos no ámbito do proxecto de compensación ou reparcelamento na data en que se aprobe a delimitación do polígono ou unidade reparcelable. 3.000 €

**290. Propietario único.** En caso de que o ámbito delimitado pertenza a un só propietario, á parte dos dereitos que correspondan á Administración actuante, aplicarase as regras anteriores, ponderando os criterios xerais contidos no título preliminar, se ben cunha minoración do 50%

Subsección segunda  
Sistema de cooperación

**291. Reparcelamento.** Por asesoramento legal na execución de plans de urbanismo polo sistema de cooperación, e en concreto, reparcelamentos urbanísticos, aplicarase as regras previstas para o sistema de compensación.

Subsección terceira  
Sistema de expropiación

**292. Expropiacións urbanísticas.**

a) Cando o letrado leve o asesoramento externo da administración actuante, aplicarase as regras previstas para o sistema de compensación en cuanto fosen aplicables.

b) Cando o letrado leve o asesoramento dun particular afectado por un expediente de expropiación urbanística, aplicarase as regras previstas para o expediente expropiatorio xeral en canto fosen aplicables

Sección terceira  
Disciplina urbanística

**293. Licenza de obra.** Pola intervención letrada nos expedientes de solicitude de licenzas de obra, aplicarase o 10% da escala tipo sobre o valor asignado en proxecto ao inmovible para o que se solicita a licenza 240 €

**294. Licenza de apertura.** Pola intervención letrada nos expedientes de solicitude de licenza de apertura, minutarase de acordo cos criterios xerais contidos no título preliminar, segundo os seguintes supostos:

a) Actividades clasificadas (RAMINP): 360 €

b) Actividades inocuas: 240 €

**295. Licenza de primeira ocupación.** Intervención letrada nos expedientes de solicitude de licenza de primeira ocupación: aplicarase o 5% da escala tipo sobre o valor asignado en proxecto ao inmovible para o que se solicita a licenza. 150 €

- 296. Ruína urbanística.** Intervención en expedientes de declaración de ruína e expedientes para demolición e ulterior reconstrucción de edificios: sobre o valor de mercado do inmovible, excluído o valor do solar, na da de terminación do expediente aplicarase:
- a) Sen oposición: o 20% da escala tipo. 300 €
  - b) Con oposición: o 40% da escala tipo, tomando como base o interese económico da parte que formula a oposición. 450 €
- 297. Expedientes de protección da legalidade urbanística.** Aplicarase o 40% da escala tipo sobre o valor de mercado do inmovible ou parte del concernido 240 €
- 298. Expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas.** Aplicaranse as regras correspondentes ao procedemento administrativo sancionador xeral.

## CAPÍTULO VIII

### EXPEDIENTES SOBRE AUXILIOS, SALVAMENTOS E REMOLQUES INSTRUÍDOS POLOS XULGADOS MARÍTIMOS PERMANENTES

- 299. Procedemento.** Por toda a actuación nas dilixencias, incluído o trámite de alegacións ante o tribunal marítimo central e, no seu caso, a redacción do recurso de alzada ante o Ministerio de Defensa, aplicarase o 100% da escala tipo, servindo como base:
- a) Para o letrado do buque asistente, a suma dos importes fixados en concepto remuneración do servizo e por resarcimento de danos e perdas. 480 €
  - b) Para o letrado do buque asistido tal base deberase moderar e reducir notoriamente, ao minutarse en consideración ao labor realizado, e de modo especial ao resultado obtido para o cliente 240 €
- 300. Recurso de alzada.** Polo recurso de alzada devengarase o 20% da escala tipo. 120 €

## CAPÍTULO IX

### ACTUACIONES EN MATERIA FISCAL

- 301. Exacción de impostos.** Pola actuación ante os órganos da Facenda estatal, autonómica, provincial ou local, verbo da exacción de calquera imposto, arbitrio ou taxa, declaracións de alta, baixa, etc 120 €
- 302. Imposto de sucesións.** Relacións para a oportuna liquidación do Imposto xeral sobre sucesións. Aplicaranse as regras xerais. 120 €
- 303. Imposto sobre a renda das persoas físicas.** Declaracións e autoliquidacións no Imposto sobre a renda das persoas físicas ou os seus equivalentes tributarios: minutarase discrecionalmente en función do traballo realizado e as bases impositivas 120 €
- 304. Imposto de sociedades.** Polas declaracións e autoliquidacións no Imposto de sociedades: minutarase discrecionalmente en función do traballo realizado e as bases impositivas 120 €
- 305. Apertura de empresa.** Intervención letrada ante a administración fiscal que implique una previa calificación xurídica para a apertura de empresa (solicitud de num. de CIF, alta no IAE, etc) 180 €
- 306. Comprobación de valores e actas de inspección en xeral.** Pola actuación ante a Inspección Fiscal para comprobación ou rectificación de declaracións minutarase:
- a) Se se produce o visto e prace das declaracións presentadas, minutarase igual cantidade da que lle corresponde á intervención letrada na declaración 120 €
  - b) Se implica variación da cota declarada, minutarase de acordo coas regras que lle correspondesen á intervención na declaración inicial incrementada nun 30%. Se o letrado actuante ante a inspección no interviñese con anterioridade 210 €
  - c) En todo caso, a minuta incrementarase na contía correspondente ao aspecto

sancionador, de acordo coas regras relativas ao procedemento sancionador xeral, en canto fosen aplicables.

**307. Recursos.** Pola tramitación de recursos específicos sobre materias de natureza fiscal ou tributaria 210 €

## **CAPÍTULO X PROCEDIMENTOS ELECTORAIS**

**308. Regra xeral.** Para a fixación de honorarios nestes procedementos estarase ao que dispoñen as regras previstas para as actuacións xerais 390 €

## **CAPÍTULO XI FUNCIONARIOS**

**309. Acceso á función pública, oposicións e concursos.** Pola intervención en procedementos relativos á impugnación de resolucións administrativas sobre acceso á función pública, estarase ao que dispoñen as regras previstas para as actuacións xerais. 390 €

**310. Réxime disciplinario.** Nos procedementos relativos ao réxime disciplinario do funcionario, minutarase ponderando o resultado obtido de acordo cos seguintes supostos:

- a) Sancións que supoñan a perda da condición de funcionario público: aplicarase o 100% da escala tipo, tomando como base unha anualidade do soldo íntegro que perciba o funcionario no momento da imposición da sanción. 600 €
- b) Nas restantes sancións, minutarase de acordo coas regras establecidas para os procedementos sancionadores xerais.

**311. Outras incidencias que afecten ás condicións de traballo.** Na actuación en vía administrativa sobre condicións de traballo do funcionario, remuneración, etc., aplicaranse as regras previstas para a xurisdición social

## **TÍTULO II PROCESO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PRIMEIRA OU ÚNICA INSTANCIA**

### **CAPÍTULO I NORMAS XERAIS**

**312. Importe máximo.** Con carácter xeral, cando o letrado que interveña en vía contencioso-administrativa sexa o mesmo que interveu en vía administrativa, os honorarios totais de ambas fases nunca poderán superar o 125% da escala tipo.

### **CAPÍTULO II PROCEDIMENTOS DA LXCA**

**313. Procedemento abreviado.** Por toda a tramitación do procedemento abreviado seguido ante os xulgados do contencioso-administrativo, incluída a celebración de vista e, no seu caso, recurso de súplica e demais incidencias que poidan acontecer durante a vista, os honorarios devengarase conforme aos seguintes criterios:

- a) Asuntos de contía determinada: aplicarase a escala tipo 150 €
- b) Asuntos de contía indeterminada: establécese como criterio orientador a cantidade de 300 €

**314. Procedemento ordinario ante o xulgado.** Por toda a tramitación do recurso contencioso-

administrativo ordinario seguido ante os xulgados do contencioso-administrativo estarase ao que dispón a norma precedente, e establécese con carácter orientador a cantidade de 600 €

**315. Procedemento ordinario ante o Tribunal Superior de Xustiza.** Por toda a tramitación do recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia seguiranse igualmente os criterios da norma anterior, e establécese con carácter orientador a cantidade de 750 €

**316. Incidentes e pezas xebradas.** Polos incidentes tramitados no seo do proceso, como os de medidas cautelares e os de inadmisibilidade do recurso seguidos polo trámite de alegacións previas devengarase un 20% da escala tipo

- a) actuacións ante xulgados do contencioso-administrativo 180 €
- b) actuacións ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 240 €

### **CAPÍTULO III OUTROS PROCEDEMENTOS**

**317. Regra xeral: incidentes durante o proceso.** Cantos incidentes ou recursos se deduzan na substanciación dos procedementos regulados a continuación, minutaranse analogamente aos recursos contencioso-administrativos ordinarios.

**318. Procedemento especial para a protección dos dereitos fundamentais da persoa.**

- a) Procedementos ante xulgados do contencioso-administrativo 600 €
- b) Procedementos seguidos ante o TSXG 720 €

**319. Cuestión de ilegalidade.** Pola comparecencia e alegacións da cuestión de ilegalidade, establécese como criterio orientador a cantidade de 300€

**320. Proceso sobre suspensión previa de acordos.** Polo procedemento en casos de suspensión administrativa previa de acordos, minutarase analogamente a como se prevé no recurso contencioso-administrativo ordinario, e distínguese en función de que se sigan ante xulgados do contencioso-administrativo ou ante o TSXG.

### **TÍTULO III RECURSOS**

**321. Regra xeral: remisión.** No previsto neste título, seránlle de aplicación aos recursos nesta vía xurisdiccional as regras relativas ao recursos en vía xurisdiccional civil

**322. Recurso de apelación.** Pola tramitación completa do recurso de apelación contra sentenzas e autos ditados polos xulgados do contencioso-administrativo, con inclusión de vista ou conclusións, devengarase o 60% dos honorarios correspondentes ao preito principal 150 €

**323. Recurso de súplica.** Polos recursos de súplica que se produzan dentro do proceso principal nun recurso contencioso-administrativo ordinario devengarase un 15% dos honorarios correspondentes a este 120 €

### **TÍTULO IV EXECUCIÓN DE SENTENZAS**

**324. Regra xeral.** Nas execucións forzosas de sentenzas devengarase o 50% do establecido para a xurisdición civil.

**325. Expropiación de dereitos recoñecidos en sentenza firme.** No suposto de expropiación de

dereitos e intereses recoñecidos en sentenza firme, consonte o artigo 105 LXCA, a contía a tomar en consideración será a obtida finalmente na indemnización a que haxa lugar.

**326. En especial: incidente na execución previsto no artigo 103.5 LXCA.** Se conforme ao artigo 103.5 LXCA se impugnase algunha actividade aministrativa contraria aos pronunciamentos da parte dispositiva da sentenza e o xuíz ou tribunal, ademais de anulala acordase unha indemnización por danos e perdas, minutarase independentemente dos honorarios devengados pola execución, segundo a cantidade que resulte de aplicar o 30% da escala tipo sobre a contía desa indemnización.

**327. En especial: incidente na execución previsto no artigo 109 LXCA.** Polo incidente de execución parcial de sentenza a que se refire o artigo 109 LXCA devengarase o 20% dos honorarios do preito principal, tanto no suposto de plantearse demanda incidental coma de plantearse alegacións en oposición a ela, sempre coa discrecionalidade que aconselle a importancia do traballo realizado. 120 €

**328. En especial: incidente de extensión dos efectos dunha sentenza consonte o artigo 110 LXCA.** Polo incidente de extensión dos efectos dunha sentenza segundo artigo 110 LXCA, devengarase o 60% dos honorarios que terían correspondido polo procedemento contencioso-administrativo, tomando como base a contía do interese defendido 120 €

## LIBRO VI REXISTRO CIVIL

### CAPÍTULO I NORMAS XERAIS

**329. Ámbito de aplicación.** As regras do presente libro aplicaranselle á intervención letrada nos expedientes gubernativos tramitados ante os organismos xudiciais encargados do Rexistro Civil, para o que se terá consideración dos criterios e normas xerais contidos no título preliminar.

**330. Acumulación.** Cando se acumulen dous ou máis expedientes e as acumulacións afecten ás pretensións deducidas polo interesado, os honorarios previstos poderanse aumentar discrecionalmente, sen que en ningún caso a elevación sexa inferior ao 50% do mínimo establecido.

Se as pretensións formuladas refiren a máis dunha acta ou inscrición, para efectos de fixación de honorarios entenderase que se trata de tantos expedientes cantas sexan as actas ou inscricións que comprendan. Esta regra non será de aplicación cando a lei ou regramento determinen que o feito, a rectificación, supresión ou complemento de circunstancias inscribibles ou notables, ou a súa cancelación, se anoten ou leven a outras actas ou inscricións.

### CAPÍTULO II NACIONALIDADE E VECIÑANZA

<b>331. Expedientes sobre concesión ou carta de natureza, ou sobre recuperación de nacionalidade.</b> Pola intervención letrada no expediente completo	600 €
<b>332. Expediente para inscribir a perda da nacionalidade.</b> Pola intervención letrada no expediente completo	180 €
<b>333. Declaracións de opción, conservación, modificación ou recuperación de nacionalidade ou veciñanza.</b> Pola intervención letrada no expediente completo	120 €

### CAPÍTULO III

#### NACEMENTO, EMANCIPACIÓN, FILIACIÓN, NOMES E APELIDOS E SEXO

<b>334. Inscripción de nacemento, filiación, matrimonio ou defunción fóra de prazo.</b> Intervención letrada en tales actos ou expedientes	180 €
<b>335. Expediente de cambio de nome e apelidos.</b> Pola intervención letrada no expediente	270 €
<b>336. Expediente para inverter a orde dos apelidos.</b> Pola intervención letrada no expediente	180 €
<b>337. Expediente para rectificar a indicación equivocada de sexo, nome e apelidos.</b> Pola intervención letrada no expediente	120 €
<b>338. Emancipación.</b> Intervención letrada ata a inscrición	120 €
<b>339. Determinación rexistral da filiación no matrimonial.</b> Pola intervención letrada	120 €

### CAPÍTULO IV

#### MATRIMONIO, LICENZA E DISPENSAS

<b>340. Dispensa de impedimentos para contraer matrimonio civil.</b> Intervención letrada no expediente completo	210 €
<b>341. Dispensa para contraer matrimonio civil secreto.</b> Intervención letrada	210 €
<b>342. Expediente para contraer matrimonio civil.</b> Intervención letrada	210 €
<b>343. Inscripción de matrimonio civil en país estranxeiro.</b> Intervención letrada	180 €
<b>344. Inscripción de matrimonio civil por non se ter levantado acta.</b> Intervención letrada	180 €
<b>345. Solicitud para a inscrición de pactos, resolucións xudiciais e feitos que modifiquen o réxime económico matrimonial.</b> Intervención letrada	120 €

### CAPÍTULO V

#### OUTRAS ACTUACIÓN

<b>346. Redacción de escritos.</b> Con carácter xeral, por redacción ou asesoramento na redacción de declaracións, solicitudes e peticións que se deduzan ante o Rexistro Civil, que no requiran a incoación de expedientes	120 €
<b>347. Reconstrucción de inscricións destruídas.</b> Intervención letrada	180 €
<b>348. Inscrición de declaracións con valor de simple presunción.</b> Intervención letrada	120 €

## CAPÍTULO VI RECURSOS

**349. Regra xeral e cantidadees orientadoras.** Na confección de recursos nesta materia aplicaranse as regras xerais contidas no título preliminar

- |  |       |
|--|-------|
| a) Recurso de reposición:              | 120 € |
| b) Recurso ante a autoridade xudicial: | 120 € |
| c) Recurso ante a dirección xeral      | 120 € |

## LIBRO VIII XURISDICIÓN MILITAR

**350. Regra xeral: interpretación analóxica.** Tanto no atinente á materia penal coma á disciplinaria e á súa tutela xurisdiccional, e en xeral en todos os procedementos a que se refire a Lei orgánica 4/1987, aplicaranse por analoxía as regras correspondentes ás actuacións atentes á xurisdicción penal ou contencioso-administrativa, cun incremento do 25%. Esta porcentaxe de incremento seralle aplicable igualmente á acción civil que, de ser o caso, se exercite en tal xurisdicción

## LIBRO IX

### ASESORÍA XURÍDICA DE ENTIDADES E EMPRESAS

**351. Forma de retribución.** A retribución do avogado enténdese que ten carácter fixo e con establecemento anual, e aplicarase en defecto de pacto.

**352. Suposto primeiro.** Servizos a organismos oficiais ou entidades con fin non lucrativo, asociacións de tipo social, económico ou sindical e semellantes, con retribución fixa, pero sen relación laboral nin obriga de asistencia a oficina ou equivalente durante as horas normais de traballo: a retribución será proporcional ao número e importancia dos servizos que se soliciten, e tomarase como criterio orientador para unha dedicación inferior a dúas horas diarias por termo medio 2.400 €

**353. Suposto segundo.** Servizos a empresas comerciais, industriais, bancarias, de aforro, de crédito ou de seguro, con retribución fixa, en réxime de vinculación laboral e obriga de asistencia a oficina ou equivalente durante as horas habituais de traballo, a retribución será como mínimo a regulada na lexislación laboral.

**354. Suposto terceiro.** Servizos a empresas do suposto anterior, con retribución fixa pero sen relación laboral nin obriga de asistencia a oficina ou equivalente durante as horas habituais de traballo:

a) Gran empresa: máis de 250 empregados ou capital social igual ou superior a 300.000 €ou volume normal dos seus negocios superior a 1.200.000 € 7.210 €

b) Mediana empresa: de 100 a 250 empregados ou volume normal de negocio comprendido entre los 600.000 €e 1.200.000 € 5.050 €

c) Pequena empresa: máis de 50 empregados, sen a concorrencia das circunstancias recollidas nos anteriores grupos 3.600 €

**355. Secretaría en consellos de administración.** As retribucións dos letrados en calidade de secretarios do consello de administración serán o 50% das anteriormente indicadas, e se actuasen na súa dobre condición de asesores xurídicos e secretarios do consello de administración deberán percibir cada unha das retribucións previstas para ambas actividades.

## TÁBOA

	Desde	BASE	Ata		Importe	125%	120%	110%	80%	75%	70%	60%	50%	40%	30%	25%	20%	15%	10%	5%
	€		€	%	Acumulado															
					Base tipo															
De	0	a	300	*25%	75	94	90	83	60	56	53	45	38	30	23	19	15	11	8	4
De	301	a	600	*22%	141	176	169	155	113	106	99	85	71	56	42	35	28	21	14	7
De	601	a	3.000	*16%	525	656	630	578	420	394	368	315	263	210	158	131	105	79	53	26
De	3.001	a	6.000	*14%	945	1.181	1.134	1.040	756	709	662	567	473	378	284	236	189	142	95	47
De	6.001	a	12.000	*12%	1.665	2.081	1.998	1.832	1.332	1.249	1.166	999	833	666	500	416	333	250	167	83
De	12.001	a	24.000	*11%	2.985	3.731	3.582	3.284	2.388	2.239	2.090	1.791	1.493	1.194	896	746	597	448	299	149
De	24.001	a	48.000	*9%	5.145	6.431	6.174	5.660	4.116	3.859	3.602	3.087	2.573	2.058	1.544	1.286	1.029	772	515	257
De	48.001	a	90.000	*8%	8.505	10.631	10.206	9.356	6.804	6.379	5.954	5.103	4.253	3.402	2.552	2.126	1.701	1.276	851	425
De	90.001	a	300.000	*8%	25.305	31.631	30.366	27.836	20.244	18.979	17.714	15.183	12.653	10.122	7.592	6.326	5.061	3.796	2.531	1.265
De	300.001	a	600.000	*6%	43.305	54.131	51.966	47.636	34.644	32.479	30.314	25.983	21.653	17.322	12.992	10.826	8.661	6.496	4.331	2.165
De	600.001	a	1.200.000	*5%	73.305	91.631	87.966	80.636	58.644	54.979	51.314	43.983	36.653	29.322	21.992	18.326	14.661	10.996	7.331	3.665
De	1.200.001	a	1.800.000	*4%	97.305	121.631	116.766	107.036	77.844	72.979	68.114	58.383	48.653	38.922	29.192	24.326	19.461	14.596	9.731	4.865
De	1.800.001	a	2.400.000	*4%	121.305	151.631	145.566	133.436	97.044	90.979	84.914	72.783	60.653	48.522	36.392	30.326	24.261	18.196	12.131	6.065
De	2.400.001	a	3.000.000	*4%	145.305	181.631	174.366	159.836	116.244	108.979	101.714	87.183	72.653	58.122	43.592	36.326	29.061	21.796	14.531	7.265
De	3.000.001	a	3.600.000	*3%	163.305	204.131	195.966	179.636	130.644	122.479	114.314	97.983	81.653	65.322	48.992	40.826	32.661	24.496	16.331	8.165
De	3.600.001	a	4.200.000	*3%	181.305	226.631	217.566	199.436	145.044	135.979	126.914	108.783	90.653	72.522	54.392	45.326	36.261	27.196	18.131	9.065
De	4.200.001	a	4.800.000	*3%	199.305	249.131	239.166	219.236	159.444	149.479	139.514	119.583	99.653	79.722	59.792	49.826	39.861	29.896	19.931	9.965
De	4.800.001	a	5.400.000	*3%	217.305	271.631	260.766	239.036	173.844	162.979	152.114	130.383	108.653	86.922	65.192	54.326	43.461	32.596	21.731	10.865

De	5.400.001	a	6.000.000	*3%	235.305	294.131	282.366	258.836	188.244	176.479	164.714	141.183	117.653	94.122	70.592	58.826	47.061	35.296	23.531	11.765
De	6.000.001		en adelante	1,50%																